



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 18 de outubro de 2018

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font.
M^a José Caride Estévez.
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Jaime Aneiros Pereira.
D. Cayetano Rodríguez Escudero.

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas corenta e cinco minutos do día dezoito de outubro de dous mil dezoito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1177).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1178).- CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DA 2ª QUENDA DE 2018 DO PROGRAMA “VIGO EMPREGA” DENTRO DO PROXECTO “VIGO VERTICAL” ESTRATEXIA DUSI, COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER).EXPTE. 15650/77.

Visto o informe de fiscalización de data 1510/18, dáse conta do informe-proposta de data 09/10/18, asinado pola a técnica de Administración Xeral Desenvolvemento Local e Emprego, o xefe de Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e polo concelleiro- delegado de Emprego Economía Industria Voluntariado e Relación con Sindicatos, que di o seguinte:

Con data 14 de decembro de 2016, o Boletín Oficial do Estado, nº 301, publica Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outros aspectos CONCÉDESE de forma definitiva axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada “VIGO VERTICAL”, por un importe de 15.000.000,00 €.

O proxecto EDUSI VIGO VERTICAL, ten como obxectivo principal impulsar a transformación da área seleccionada en termos físicos, ambientais, económicos, sociais e culturais, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana, polo cal dita estratexia, segundo a Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2427/2015, constitúe o marco para a posterior selección por parte das Entidades beneficiarias das operacións a desenvolver na cidade ou na área definida en cada caso.

O servizo de Desenvolvemento Local, dependente da área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, ten encomendado dentro do plan de implementación da estratexia DUSI “Vigo Vertical”, o deseño e posta en marcha de operacións enmarcadas dentro do obxectivo específico “9.8.2 Rexeneración física, económica e social do contorna urbana en áreas urbanas desfavorecidas a través de Estratexias urbanas integradas” en concreto no marco da liña de actuación “Implantación de plans de acción directa para fomentar a inserción laboral”.

Para desenvolver estes obxectivos, a Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, ven a por en marcha unha nova convocatoria do programa de inserción laboral “VIGO EMPREGA”, para facilitar a inserción laboral de colectivos en situación ou risco de exclusión. As persoas beneficiarias destas accións serán seleccionadas seguindo o criterio fundamental de “necesidade social”, que responde de modo oportuno á idea de promoción do emprego nos colectivos máis necesitados de experiencia no mercado laboral.

As Bases de Convocatoria aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 14 de decembro de 2017, establecen, que nas convocatorias os postos a contratar estén relacionados coas seguintes profesións:

Auxiliar topógrafo	Oficial carpintería de aluminio	Oficial fontanería
Auxiliar Delineante	Oficial carpintería de madeira	Oficial mecánica do automóbil
Auxiliar administrativo	Oficial carpintería metálica	Oficial pintura
Técnico de PRL	Oficial condutor	Oficial xardinería-forestal
Capataz construción	Oficial desinfección	Peóns construción
Oficial albanelería	Oficial electricidade	Peóns xardinería-forestal



Concello de Vigo

A base 4, establece que os contratos terán unha duración máxima de 6 meses que coincidirá coa duración da convocatoria do programa VIGO EMPREGA no presente ano, e coas limitacións que se establecen no propio programa de inserción laboral, cunha modalidade de contrato de duración determinada de interese social, a xornada completa, cos dereitos e obrigas que leva implícito; en todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría do posto a cubrir, a modalidade, duración e calquera outra incidencia da relación laboral, o que considere oportuno a Xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación en base á lexislación vixente así coma o contido dos informes xurídicos da dita xefatura mailo do Interventor Xeral, e deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do programa de emprego para o fomento da Inserción Laboral **“VIGO EMPREGA”** no marco da Estratexia **DUSI VIGO VERTICAL financiada polo Fondo Europeos de Desenvolvemento Rexional - FEDER** para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

As retribucións dos traballadores beneficiarios serán as establecidas no Capítulo 1, artigo 1.3 do “Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego”, que se atope en vigor no momento da contratación, ou acordo que o substitúa.

Do mesmo xeito e conforme establecen as bases de selección, a Xunta de Goberno Local, a proposta do Servizo de Desenvolvemento Local, determinará e aprobará na convocatoria de selección de beneficiarios/as o seguinte:

1.- Relación de obras a desenvolver polo persoal do programa VIGO EMPREGA na 2ª quenda do 2018:

a) Vías e Obras:

- Construción de beirarrúas en rúas do rural.
- Rehabilitación do patrimonio: lavadoiros municipais.
- Pintado de varandas das rúas da cidade.

b) Limpeza:

- Limpeza de restos vexetais, maleza e terras, mediante o rozado de camiños, valados e cunetas, nas seguintes parroquias:
 - Parroquia de Cabral.
 - Parroquia de Lavadores
 - Parroquias de Sampaio.

c) Parques e Xardíns:

- Novas praderías de cespede, resemteira das existentes e prantación zonas arbustivas, viváceas e novo arbolado nos parques do Castro e Castrelos.
- Construción, acondicionamento e reparación de canalizacións e canaletas nos parques do Castro e Castrelos, limpeza das zonas de acceso e camiños interiores do Parque.
- Eliminación de barreiras arquitectónicas para favorecer o tránsito de persoas con problemas de mobilidade.
- Instalación e reparación de sistemas de rega automática nos parques de Castro e Castrelos. Limpeza de arquetas e sumidoiros.

d) Educación:

- Actuacións de acondicionamento de baños, vestiarios e duchas nos centros de primaria do Concello de Vigo: Pintor Laxeiro, Chans e Carballal, Balaidos, Vicente Risco, Ría de Vigo, San Salvador e Pombal.
- Substitución de valla de madeira en CEIP Santa Marta.
- Instalación pavimento de tarima na Biblioteca do CEIP Escultor Acuña.
- Reparación de murete de acceso e tea metálica en CEIP Mestres Goldar.
- Construción de Almacen exterior para material deportivo en CEIP Sárdoma Moledo
- Substitución peche metálico en CEIP Frians.

e) Parque Central de Servizos:

- Mantemento e arranxo de vehículos e maquinaria do programa.
- Cambiar pratos de duchas dos vestiarios.
- Pintado de diferentes espazos da nave municipal.

f) Emprego:

- Acondicionamento de locais municipais de emprego

g) Electromecánicos:

- Traballos de albanelería de apoio para a instalacións de farois de alumado público.
- Traballos de electricidade para instalacións de alumado público.

h) Desinfección:

- Apoio a campaña de desratización do casco urbán, do río Lagares e afluentes; e á precampaña de desratización, desinsectación e desinfección en barrios e parroquias.

i) Medio Ambiente:

- Obras de reparación no refuxio municipal da Madroa
- Rematar Valado de duna de Serral-Canido

j) Vigo Zoo.

- Adecuación do recinto do Castor consistente na construción e habilitación de caseta para o castor en pedra e madeira
- Reconstrución e habilitación de zonas axardinadas en zonas de granxa escola .

2.- Convocatoria dos seguintes postos a contratar para o desenvolvemento do programa VIGO EMPREGA 2ª quenda do 2018:

1. Capataces beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
a) Capataces construción	3 (tres)

2. Oficiais de oficios beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
a) Oficial albanel	12 (doce)
b) Oficial electricista	2 (dous)



Concello de Vigo

c) Oficial fontaneiro	1	(un)
d) Oficial Carpintería aluminio	1	(un)
e) Oficial Carpintería metálica	1	(un)
f) Oficial Desinfección	1	(un)
g) Oficial Carpintería madeira	1	(un)
h) Oficial Pintor	2	(dous)
i) Oficial mecánico automoción	2	(dous)
j) Oficial xardinaría	8	(oito)
k) Oficial condución	10	(dez)

4. Peóns beneficiarios/as :

<u>Profesión</u>		<u>Postos a contratar</u>
a) Construción.	35	(trinta e cinco)
b) Xardinería-forestal	22	(vinte e dous)

5. Persoal Técnico administrativo beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>		<u>Postos a contratar</u>
a) Auxiliar administrativo	2	(dous)
b) Delineante	1	(un)
c) Auxiliar Topografo	1	(un)
d) Prevención de Riscos Laborais	1	(un)

3. Selección dos beneficiarios/as.

- O Concello de Vigo, solicitará as/os traballadores que correspondan, dacordo coas características recollidas nas bases mediante a presentación de Oferta de Emprego, facendo referencia as características que deben reunir os/as traballadores/as que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados. As Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo, serán as encargadas de enviar as persoas candidatas solicitadas.
- Todos os colectivos recollidos nas bases de convocatoria están a ser nestes momentos, obxectivos prioritarios das medidas activas de emprego promovidas dende este Concello cofinanciadas mediante o Programa Operativo de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outros aspectos CONCÉDESE de forma definitiva axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional á Estratexia presentado polo Concello de Vigo denominada "VIGO VERTICAL", por iso, se acorda manter as porcentaxes para a contratación das persoas beneficiarias, establecidas nas bases de selección de candidatos ao programa "Vigo Emprega".
- Realizarase posteriormente polo servizo de Desenvolvemento Local, a comprobación do cumprimento de requisitos imprescindibles e baremación das persoas candidatas ao proceso de selección.
- Unha vez publicada a baremación e a relación de persoas candidatas admitidas procederáse á realización das probas: escrita e práctica.
- As persoas seleccionadas aceptarán a súa inclusión na lista pública que se recolle no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013.

- **Proba Escrita (máximo 2 puntos)**

A proba terá un mínimo de vinte (20) preguntas, deberá ser capaz de avaliar a actitude e interese que demostra a persoa candidata, na participación no programa, e a posible adecuación do seu perfil á finalidade do mesmo.

- Realizáraselles ás persoas candidatas e valoraranse: aspectos ocupacionais, rasgos de personalidade, actitude ante o programa. Incidirase en aspectos vencellados á busca de emprego, a orientación persoal, a formación para o emprego, o interese polo desempeño e o rendemento.
- Solicitarase información ás persoas candidatas sobre: as condicións sociolaborais do contrato e as características da contratación, o estado anímico, o estado físico, o interese polo emprego, competencias profesionais e coñecementos relacionados co posto.
- Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ó resto das puntuacións acadadas, sempre que a persoa candidata non obteña a calificación NSNM (non supera a nota mínima), consideraranse NSNM as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto.
- As persoas candidatas con unha de “NSNM”, será excluída do proceso de selección.

- **Proba práctica (máximo 4 puntos)**

A Comisión de Selección proporá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas do posto de traballo. Valoraranse competencias básicas onde os candidatos aplicarán habilidades profesionais básicas relacionadas co oficio e os coñecementos técnicos necesarios. As probas estarán apoiadas por asesores técnicos do programa Vigo Emprega e dos diferentes Servizos Municipais que colaboran no deseño, control e concreción técnica desta avaliación.

Persoal técnico e Administrativo, capataces, e oficiais de oficios, as probas realizaranse para que os/as candidatos/as, demostren o seu coñecemento da profesión. As probas deseñanse conforme a profesión e as labouras máis comúns que se teñen previsto desenvolver, conforme as obras aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

Peóns, as probas prácticas son xenéricas de coñecemento básico de ferramentas e utilización das mesmas, sen que, para o desenvolvemento sexa necesaria experiencia práctica en: obras públicas, xardinería ou limpeza.

No caso de obter unha puntuación igual ou inferior a 1 punto, considerarase “NSNM” e quedará excluída do proceso de selección.

Publicación das listaxes de admitidos a contratar e listaxe de suplentes.

Os custos totais estimados das retribucións do persoal son os reflectidos na seguinte táboa, segundo o establecido no Acordo Marco prorrogado de regulación das condicións sociolaborais das contratacións no marco do PME 2008-2011, na modalidade de beneficiarios para o persoal técnico administrativo, capataces, oficiais de oficios e peóns:



Concello de Vigo

RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS VIGO EMPREGA 2ª QUENDA 2018														
Pos to	Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Import bruto mes	Base co-tización	CNA E/Có d. Ocup .	% coti-zación	Cotizac SS empre	Cotiza-ción por trab/pos	Custe total es-timado	Custe posto/me s	2018/2019	SS total Posto 6 Meses	Salarios tota Postos 6 Meses
2	Auxiliar admi-nistra	735,90	122,65	858,55	858,55	84/a	33,75	289,76	579,52	1.148,31	2.296,62	13.779,73 €	3.477,13	10.302,60 €
1	Auxiliar topo-grafo	736,09	121,47	857,56	857,56	84/a	33,75	289,43	289,43	1.146,99	1.146,99	6.881,92 €	1.736,56	5.145,36 €
1	Delineante	752,69	125,45	878,14	878,14	84/-	32,75	287,59	287,59	1.165,73	1.165,73	6.994,37 €	1.725,54	5.268,83 €
1	Tecnico PRL	752,69	125,45	878,14	878,14	84/-	32,75	287,59	287,59	1.165,73	1.165,73	6.994,37 €	1.725,54	5.268,83 €
3	Capataz-Cons-trucción	752,69	125,45	878,14	878,14	84/d	37,80	331,94	995,81	1.210,07	3.630,22	21.781,34 €	5.974,85	15.806,49 €
12	Oficial albanel	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	3.895,39	1.183,39	14.200,65	85.203,89 €	23.372,33	61.831,56 €
2	Oficial electri-cista	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	649,23	1.183,39	2.366,77	14.200,65 €	3.895,39	10.305,26 €
1	Oficial fonta-neiro	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	324,62	1.183,39	1.183,39	7.100,32 €	1.947,69	5.152,63 €
1	Of. Carpintería aluminio	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	324,62	1.183,39	1.183,39	7.100,32 €	1.947,69	5.152,63 €
1	Oficial Carpin-taría metálica	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	324,62	1.183,39	1.183,39	7.100,32 €	1.947,69	5.152,63 €
1	Of. Desinfec-ción	736,09	122,68	858,77	858,77	84/g	34,70	297,99	297,99	1.156,77	1.156,77	6.940,59 €	1.787,96	5.152,63 €
1	Of. Carpintería madeira	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	324,62	1.183,39	1.183,39	7.100,32 €	1.947,69	5.152,63 €
2	Of. Pintor	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	649,23	1.183,39	2.366,77	14.200,65 €	3.895,39	10.305,26 €
2	Of. mecánico automoción	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	649,23	1.183,39	2.366,77	14.200,65 €	3.895,39	10.305,26 €
8	Of. xardinaría	736,09	122,68	858,77	858,77	84/g	34,70	297,99	2.383,95	1.156,77	9.254,12	55.524,74 €	14.303,70	41.221,04 €
10	Of. conducción	736,09	122,68	858,77	858,77	84/f	37,80	324,62	3.246,16	1.183,39	11.833,87	71.003,24 €	19.476,94	51.526,30 €
22	Peón Xardina-ria-Forestal	735,90	122,65	858,55	858,55	84/g	34,70	297,92	6.554,17	1.156,47	25.442,27	152.653,62 €	39.325,02	113.328,60 €
35	Peón constru-ción	735,90	122,65	858,55	858,55	84/d	37,80	324,53	11.358,62	1.183,08	41.407,87	248.447,20 €	68.151,70	180.295,50 €
106									33.422,37	Mes	124.534,71	747.208,26	200.534,22	546.674,04

RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS VIGO EMPREGA 2ª QUENDA 2018

Pos to	Categoría	Salario mes	Prorra-ta pa-gas ex-tras	Import bruto mes	Base co-tización	CNAE /Cód. Ocup.	% coti-zación	Cotiza-ción SS empresa	Cotiza-ción por trab/pos	Custe to-tal estima-do	Custe pos-to/mes	ANO 2018	SS total Postos 2 Meses	Salarios tota Postos 2 Meses
2	Auxiliar admi-nistrativo	735,90	122,65	858,55	858,55	84/a	33,75	289,76	579,52	1.148,31	2.296,62	4.593,24 €	1.159,04	3.434,20 €
1	Auxiliar topo-grafo	736,09	121,47	857,56	857,56	84/a	33,75	289,43	289,43	1.146,99	1.146,99	2.293,97 €	578,85	1.715,12 €
1	Delineante	752,69	125,45	878,14	878,14	84/-	32,75	287,59	287,59	1.165,73	1.165,73	2.331,46 €	575,18	1.756,28 €
1	Tecnico PRL	752,69	125,45	878,14	878,14	84/-	32,75	287,59	287,59	1.165,73	1.165,73	2.331,46 €	575,18	1.756,28 €
3	Capataz- Construcción	752,69	125,45	878,14	878,14	84/d	37,80	331,94	995,81	1.210,07	3.630,22	7.260,45 €	1.991,62	5.268,83 €
12	Oficial albanel	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	3.895,39	1.183,39	14.200,65	28.401,30 €	7.790,78	20.610,52 €
2	Oficial electri-cista	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	649,23	1.183,39	2.366,77	4.733,55 €	1.298,46	3.435,09 €
1	Oficial fonta-neiro	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	324,62	1.183,39	1.183,39	2.366,77 €	649,23	1.717,54 €
1	Of. Carpinte-ría aluminio	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	324,62	1.183,39	1.183,39	2.366,77 €	649,23	1.717,54 €
1	Oficial Carpin-tería metálica	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	324,62	1.183,39	1.183,39	2.366,77 €	649,23	1.717,54 €
1	Of. Desinfec-ción	736,09	122,68	858,77	858,77	84/g	34,70	297,99	297,99	1.156,77	1.156,77	2.313,53 €	595,99	1.717,54 €
1	Of. Carpintería madeira	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	324,62	1.183,39	1.183,39	2.366,77 €	649,23	1.717,54 €
2	Of. Pintor	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	649,23	1.183,39	2.366,77	4.733,55 €	1.298,46	3.435,09 €
2	Of. mecánico automoción	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	649,23	1.183,39	2.366,77	4.733,55 €	1.298,46	3.435,09 €
8	Of. xardinaría	736,09	122,68	858,77	858,77	84/g	34,70	297,99	2.383,95	1.156,77	9.254,12	18.508,25 €	4.767,90	13.740,35 €
10	Of. conducción	736,09	122,68	858,77	858,77	84/f	37,80	324,62	3.246,16	1.183,39	11.833,87	23.667,75 €	6.492,31	17.175,43 €
22	Peón Xardina-ria-Forestal	735,90	122,65	858,55	858,55	84/g	34,70	297,92	6.554,17	1.156,47	25.442,27	50.884,54 €	13.108,34	37.776,20 €
35	Peón constru-ción	735,90	122,65	858,55	858,55	84/d	37,80	324,53	11.358,62	1.183,08	41.407,87	82.815,73 €	22.717,23	60.098,50 €
106									33.422,37	Mes	124.534,71	249.069,42	66.844,74	182.224,68



Concello de Vigo

RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS VIGO EMPREGA 2ª QUENDA 2018														
Pos-to	Categoría	Salario mes	Prorra-ta pa-gas ex-tras	Import bruto mes	Base cotiza-ción	CNA E/Có.d. Ocup .	% coti-zación	Cotización SS empre-sa	Cotiza-ción por trab/pos	Custe to-tal esti-mado	Custe pos-to/mes	ANO 2019	SS total Postos 4 Meses	Salario to-tal Postos 4 Meses
2	Auxiliar administrativo	735,90	122,65	858,55	858,55	84/a	33,75	289,76	579,52	1.148,31	2.296,62	9.186,49 €	2.318,09	6.868,40 €
1	Auxiliar topografo	736,09	121,47	857,56	857,56	84/a	33,75	289,43	289,43	1.146,99	1.146,99	4.587,95 €	1.157,71	3.430,24 €
1	Delineante	752,69	125,45	878,14	878,14	84/-	32,75	287,59	287,59	1.165,73	1.165,73	4.662,91 €	1.150,36	3.512,55 €
1	Tecnico PRL	752,69	125,45	878,14	878,14	84/-	32,75	287,59	287,59	1.165,73	1.165,73	4.662,91 €	1.150,36	3.512,55 €
3	Capataz-Cons-trucción	752,69	125,45	878,14	878,14	84/d	37,80	331,94	995,81	1.210,07	3.630,22	14.520,90 €	3.983,24	10.537,66 €
12	Oficial albanel	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	3.895,39	1.183,39	14.200,65	56.802,59 €	15.581,55	41.221,04 €
2	Oficial electri-cista	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	649,23	1.183,39	2.366,77	9.467,10 €	2.596,93	6.870,17 €
1	Oficial fontanel-ro	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	324,62	1.183,39	1.183,39	4.733,55 €	1.298,46	3.435,09 €
1	Of. Carpintería aluminio	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	324,62	1.183,39	1.183,39	4.733,55 €	1.298,46	3.435,09 €
1	Oficial Carpin-metálica	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	324,62	1.183,39	1.183,39	4.733,55 €	1.298,46	3.435,09 €
1	Of. Desinfec-ción	736,09	122,68	858,77	858,77	84/g	34,70	297,99	297,99	1.156,77	1.156,77	4.627,06 €	1.191,98	3.435,09 €
1	Of. Carpintería madeira	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	324,62	1.183,39	1.183,39	4.733,55 €	1.298,46	3.435,09 €
2	Of. Pintor	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	649,23	1.183,39	2.366,77	9.467,10 €	2.596,93	6.870,17 €
2	Of. mecánico automoción	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	649,23	1.183,39	2.366,77	9.467,10 €	2.596,93	6.870,17 €
8	Of. xardinaría	736,09	122,68	858,77	858,77	84/g	34,70	297,99	2.383,95	1.156,77	9.254,12	37.016,49 €	9.535,80	27.480,69 €
10	Of. conducción	736,09	122,68	858,77	858,77	84/f	37,80	324,62	3.246,16	1.183,39	11.833,87	47.335,49 €	12.984,63	34.350,87 €
22	Peón Xardina-ria-Forestal	735,90	122,65	858,55	858,55	84/g	34,70	297,92	6.554,17	1.156,47	25.442,27	101.769,08 €	26.216,68	75.552,40 €
35	Peón constru-ción	735,90	122,65	858,55	858,55	84/d	37,80	324,53	11.358,62	1.183,08	41.407,87	165.631,47 €	45.434,47	120.197,00 €
106									33.422,37	Mes	124.534,71	498.138,84	133.689,48	364.449,36

O prazo previsto de contratación para a 2ª quenda de 2018 será, a partir do 01 de novembro de 2018, polo que os custos totais da convocatoria entre custos salariais e custos das cuotas a Seguridade Social son: **747.208,26 €**. Os custos totais concrétnanse en dous exercicios presupostarios da forma seguinte:

- Para o ano 2018, dende o 01 de novembro ata o 31 de decembro de de 2018, o custo total estimado é de **249.069,42€** Estes custos aplicaríanse ás partidas orzamentarias seguintes do orzamento municipal correspondente ao ano 2018:

- 2410 1310000 “DUSI, OT9, LA 15, PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL”:
 - Orzamento 2018 182.224,68 €
- 2410 16000001 “DUSI, OT 9, LA 15 PLAN EMPREGO INSERCIÓN LABORALL, SS”:
 - Orzamento 2018 66.844,74 €
- Para o ano 2019, dende o 01 de xaneiro ata o 31 de abril de de 2019, o custo total estimado é de **498.138,84€** Estes custos aplicaríanse ás partidas orzamentarias seguintes do orzamento municipal correspondente ao ano 2019:
 - 2410 1310000 “DUSI, OT9, LA 15, PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL”:
 - Orzamento 2019 364.449,36 €
 - 2410 16000001 “DUSI, OT 9, LA 15 PLAN EMPREGO INSERCIÓN LABORALL, S.S.”:
 - Orzamento 2019 133.689,48 €

4.- Nomeamento das Comisións de Seleccións.

Dacordo co disposto na BASE 11ª, “...Tódolos membros da Comisión de Selección serán propostos polo Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior a do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

O órgano de selección en canto á súa composición e funcionamento, deberá respectar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 do Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, así coma calquera outra normativa legal vixente de aplicación...”

Abonarase as asistencias aos membros das Comisións de selección de personal do programa “Vigo emprega”, na contía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV *Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal*, establecendo un número máximo de quince (15) sesións (3 para a Comisión de selección de Capataces, 3 para a Comisión de selección de Peóns, 3 para a Comisión de selección de Persoal técnico-administrativo e 6 para a Comisión de selección de Oficiais), cun gasto estimado de 4.500 € con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2330000 de “Dietas de Tribunais”, resultando necesario consumir crédito da bolsa de vinculación, o que non altera o normal funcionamento do servizo.

Na fase da **proba práctica** realízanse diferentes exercicios valorados pola comisión de selección e en colaboración de técnicos municipais que facilitan a realización, supervisión e valoración das mencionadas probas, relacionadas todas elas coas funcións e tarefas da profesión relacionada co posto ofertado, e anexarase copias dos exercicios realizados para os postos de Auxiliar administrativo, Aux. Delineación, Auxiliar Topógrafo, Técnico FP Prevención de Riscos Laborais, Capataces e Oficiais de oficios.



Concello de Vigo

Cara a axilizar o proceso selectivo, se estima que coa constitución de 4 comisións de selección se poderá proceder nun prazo de 7 días a realizar as probas escritas e prácticas previstas nas bases, o que permitirá rematar o proceso de selección con tempo suficiente para que inicien o seu contrato o 01/11/2018.

Os/as funcionarios/as así coma o persoal laboral fixo propostos adecúense ao establecido no RDL 5/2015 do Estatuto Básico do Empregado Público, en cumprimento dos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, comparecendo a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, así coma o requisito da necesaria especialización para o desenvolvemento das súas labores de selección, xa que ademais da súa condición de funcionario ou laboral fixo, están encadrados, nos grupos e prazas seguintes:

Nome e Apelidos	Condición	Grupo	Posto/praza
Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	Tec. Admon. Xeral
Cristina Chao Polo	Funcionaria	A1	Arquitecta
Alfonso Berros Pérez	Funcionario	A2	Enxeñeiro Técnico
Francisco J. Gutierrez Orúe	Funcionario	A2	Xefe servizo
Inés Álvarez Domínguez	Funcionaria	A2	Arquitecta técnica
José Ramón Seijas Álvarez	Laboral	C1	Capataz
Alfonso Conde Rodríguez	Funcionario	C1	Capataz
Rosa Núñez Fernández	Funcionaria	C1	Administrativa
Francisco Javier Bea Puentes	Funcionario	C1	Capataz
Antonio Barreira Pazos	Funcionario	C1	Inspector sanidade
Jose María Raposo Aguiar	Funcionaria	C1	Administrativo
Lucía Trillo Martín-Pinillos	Funcionaria	C1	Administrativa
Purificación Bernardez Martínez	Funcionario	C1	Administrativa
Ramón Vázquez Martínez	Laboral	C1	Capataz
Roberto Mariño Sanromán	Laboral	C1	Capataz
Rosa M ^a Otero Malvárez	Funcionaria	C1	Administrativa
Iolanda Alonso Regueiro	Funcionaria	C2	Auxiliar Administrativa
Mercedes Pio López	Funcionaria	C2	Auxiliar Administrativa
Ramón Italiani Román	Laboral	C2	Oficial Instalacións
Francisco José García Soto	Laboral	C2	Oficial Oficios
Guillermo Lorenzo Carrera	Laboral	C2	Oficial Oficios
Hector Conde Lorenzo	Laboral	C2	Oficial Oficios
Juan Carlos Rodríguez Lorenzo	Laboral	C2	Oficial Oficios

De conformidade co anteriormente exposto, a tenor do previsto no artigo 127.1.h) da LMMGL, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado

de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

1. Aprobar a convocatoria de selección de **106** traballadores, conforme ás BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA "VIGO EMPREGA" DENTRO DA ESTRATEXIA "VIGO VERTICAL" (COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER), para o seguintes postos da 2ª quenda do 2018, do programa de inserción laboral "VIGO EMPREGA":

a) Capataces beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
• Capataces construción	3 (tres)

b) Oficiais de oficios beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
• Oficial albanel	12 (doce)
• Oficial electricista	2 (dous)
• Oficial fontaneiro	1 (un)
• Oficial Carpintería aluminio	1 (un)
• Oficial Carpintería metálica	1 (un)
• Oficial Desinfección	1 (un)
• Oficial Carpintería madeira	1 (un)
• Oficial Pintor	2 (dous)
• Oficial mecánico automoción	2 (dous)
• Oficial xardinaría	8 (oito)
• Oficial condución	10 (dez)

c) Peóns beneficiarios/as :

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
• Construción.	35 (trinta e cinco)
• Xardinería-forestal	22 (vinte e dous)

d) Personal Técnico administrativo beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
• Auxiliar administrativo	2 (dous)
• Delineante	1 (un)
• Auxiliar Topografo	1 (un)
• Prevención de Riscos Laborais	1 (un)

2. Establecer o número de postos de peóns beneficiarios a contratar nos diferentes colectivos, establecidos no apartado 9 das Bases de Selección das de persoas candidatas:

a) 3% persoas con discapacidade que poidan desempeñar as funcións do posto de traballo 2



Concello de Vigo

b) 30% menores de 30 anos, dos que ao menos o 50%, en busca 1º emprego.

17

c) 30% mulleres. 17

d) 19% persoas maiores de 45 anos 11

e) 18% persoas paradas de longa duración. 10

3. Realizar a solicitude de persoas candidatas as Oficinas do Servicio Público de Emprego, segundo os criterios de valoración establecidos nas bases de selección, para os distintos postos para pasar ao procedemento de selección:

a) Capataces, oficiais e persoal técnico administrativo: Valoración dos candidatos segundo criterios de experiencia laboral formación e outros méritos, directamente relacionados coa actividade a desenvolver.

b) Peóns: Comprobación do cumprimento dos requisitos imprescindibles establecidos no punto 6 das bases de selección.

c) Autorizar a realización de probas: escrita e práctica relacionadas co oficio e posto aos técnicos, Capataces, oficiais e peóns, todos eles beneficiarios/as.

4. Aprobar a relación de obras a desenvolver dentro do programa, que deseguido se relacionan:

a) Vías e Obras:

- Construción de beirarrúas en rúas do rural.
- Rehabilitación do patrimonio: lavadoiros municipais.
- Pintado de varandas das rúas da cidade.

b) Limpeza:

- Limpeza de restos vexetais, maleza e terras, mediante o rozado de camiños, valados e cunetas, nas seguintes parroquias:
 - Parroquia de Cabral.
 - Parroquia de Lavadores
 - Parroquias de Sampaio.

c) Parques e Xardíns:

- Novas praderías de cespede, resementeira das existentes e prantación zonas arbustivas, viváceas e novo arbolado nos parques do Castro e Castrelos.
- Construción, acondicionamento e reparación de canalizacións e canaletas nos Parques do Castro e Castrelos, limpeza das zonas de acceso e camiños interiores do Parque.
- Eliminación de barreiras arquitectónicas para favorecer o transito de persoas con problemas de mobilidade.
- Instalación e reparación de sistemas de rega automática nos parques de Castro e Castrelos. Limpeza de arquetas e sumidoiros.

d) Educación:

- Actuacións de acondicionamento de baños, vestiarios e duchas nos centros de primaria do Concello de Vigo: Pintor Laxeiro, Chans e Carballal, Balaidos, Vicente Risco, Rúa de Vigo, San Salvador e Pombal.

- Substitución de valla de madeira en CEIP Santa Marta.
 - Instalación pavimento de tarima na Biblioteca do CEIP Escultor Acuña.
 - Reparación de murete de acceso e tea metálica en CEIP Mestres Goldar.
 - Construción de Almacen exterior para material deportivo en CEIP Sárdoma Moledo
 - Substitución peche metálico en CEIP Frians.
- e) Parque Central de Servizos:
- Mantemento e arranxo de vehículos e maquinaria do programa.
 - Cambiar pratos de duchas dos vestiarios.
 - Pintado de diferentes espazos da nave municipal.
- f) Emprego:
- Acondicionamento de locais municipais de emprego
- g) Electromecánicos:
- Traballos de albanelería de apoio para a instalacións de farois de alumado público.
 - Traballos de electricidade para instalacións de alumado público.
- h) Desinfección:
- Apoio a campaña de desratización do casco urbán, do río Lagares e afluentes; e á precampaña de desratización, desinsectación e desinfección en barrios e parroquias.
- i) Medio Ambiente:
- Obras de reparación no refuxio municipal da Madroa
 - Rematar Valado de duna de Serral-Canido
- j) Vigo Zoo.
- Adecuación do recinto do Castor consistente na construción e habilitación de caseta para o castor en pedra e madeira
 - Reconstrución e habilitación de zonas axardinadas en zonas de granxa escola .

5. Aprobar o gasto total de **747.208,26 €**. Os custos totais concréntanse en dous exercicios presupostarios da forma seguinte:

- a) Para o ano 2018, dende o 01 de novembro ata o 31 de decembro de de 2018, o custo total estimado é de **249.069,42€** Estes custos aplicaríanse ás partidas orzamentarias seguintes do orzamento municipal correspondente ao ano 2018:
- 2410 1310000 "DUSI, OT9, LA 15, PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL":
 - Orzamento 2018 182.224,68 €
 - 2410 16000001 "DUSI, OT 9, LA 15 PLAN EMPREGO INSERCIÓN LABORALL, SS":
 - Orzamento 2018 66.844,74 €
- b) Para o ano 2019, dende o 01 de xaneiro ata o 31 de abril de de 2019, o custo total estimado é de **498.138,84€** Estes custos aplicaríanse ás partidas



Concello de Vigo

orxamentarias seguintes do orzamento municipal correspondente ao ano 2019:

- 2410 1310000 "DUSI, OT9, LA 15, PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL":

• Orzamento 2019 364.449,36 €

- 2410 1600001 "DUSI, OT 9, LA 15 PLAN EMPREGO INSERCIÓN LABORALL, S.S.":

• Orzamento 2019 133.689,48 €

6. Aprobar as seguintes Comisións de Selección de beneficiarios/as do programa "Vigo emprega" 2ª quenda 2018, dentro do plan de implementación da estratexia DUSI "Vigo Vertical", o deseño e posta en marcha de operacións enmarcadas dentro do obxectivo específico "9.8.2 Rexeneración física, económica e social da contorna urbana en áreas urbanas desfavorecidas a través de Estratexias urbanas integradas" en concreto no marco da liña de actuación "Implantación de plans de acción directa para fomentar a inserción laboral":

A) Comisión 1: Selección de Capataces:

Presidente	Francisco J. Gutierrez Orúe	Funcionario	A2	Xefe servizo
Suplente	Alfonso Conde Rodríguez	Funcionario	C1	Capataz
Secretario/a	Carla Candia Paz	Funcionario	A1	Tec. Admon. Xeral
Suplente	Purificación Bernardez Martínez	Funcionario	C1	Administrativa
Vogais	Jose Ramón Seijas Álvarez	Laboral	C1	Capataz
	Roberto Mariño Sanromán	Laboral	C1	Capataz
	Francisco Javier Bea Puentes	Funcionario	C1	Capataz
Suplentes	Antonio Barreira Pazos	Funcionario	C1	Inspector sanidade
	Ramón Vázquez Martínez	Laboral	C1	Capataz

B) Comisión 2: Selección de Oficiais de oficios:

Presidente	Francisco J. Gutierrez Orúe	Funcionario	A2	Xefe servizo
Suplente	Alfonso Berros Pérez	Funcionario	A2	Enxeñeiro Técnico
Secretario/a	Lucía Trillo Martín-Pinillos	Funcionario	C1	Administrativa
Suplente	Purificación Bernardez Martínez	Funcionario	C1	Administrativa
Vogais	Hector Conde Lorenzo	Laboral	C2	Oficial Oficios
	Guillermo Lorenzo Carrera	Laboral	C2	Oficial Oficios
	Ricardo Soler Vidal	Laboral	C2	Oficial Oficios
Suplentes	Jose Antonio González Seijo	Laboral	C2	Oficial Oficios
	Francisco José García Soto	Laboral	C2	Oficial Oficios
	Juan Carlos Rodríguez Lorenzo	Laboral	C2	Oficial Oficios

C) Comisión 3: Selección de Peóns:

Presidente	Francisco J. Gutierrez Orúe	Funcionario	A2	Xefe servizo
Suplente	Ramón Vázquez Martínez	Laboral	C1	Capataz
Secretario/a	Purificación Bernardez Martínez	Funcionario	C1	Administrativa
Suplente	Lucía Trillo Martín-Pinillos	Funcionario	C1	Administrativa
Vogais	Francisco José García Soto	Laboral	C2	Oficial Oficios
	Ramón Italiani Roman	Laboral	C2	Oficial Instalacións
	Ricardo Soler Vidal	Laboral	C2	Oficial Oficios
Suplentes	Hector Conde Lorenzo	Laboral	C2	Oficial Oficios
	Marcos Caabeiro Fernández	Laboral	C2	Oficial Instalacións
	Juan Carlos Rodríguez Lorenzo	Laboral	C2	Oficial Oficios

D) Comisión 4: Selección de persoal técnico administrativo (Aux. Administrativo, Aux. Delineación, Aux. Topógrafo e Técnico FP Prevención de Riscos Laborais):

Presidente	Francisco J. Gutierrez Orúe	Funcionario	A2	Xefe servizo
Suplente	Rosa M ^a Otero Malvárez	Funcionario	C1	Administrativa
Secretario/a	Carla Candia Paz	Funcionario	A1	Tec. Admon. Xeral
Suplente	Lucía Trillo Martín-Pinillos	Funcionario	C1	Administrativa
Vogais	Mercedes Pio López	Funcionario	C2	Auxiliar Administrativa
	Cristina Chao Polo	Funcionario	A1	Arquitecta
	Rosa Nuñez Fernández	Funcionario	C1	Administrativo
Suplentes	Iolanda Alonso Regueiro	Funcionario	C2	Auxiliar Administrativa
	Inés Álvarez Dominguez	Funcionario	A2	Arquitecta técnica
	Jose M ^a Raposo Aguiar	Funcionario	C1	Administrativo

7. Os membros das Comisións de selección dos beneficiarios/as do programa "Vigo Emprega" 2^a quenda 2018, percibirán as asistencias na contía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal, cun número máximo de quince (15) sesións - 3 para Capataces, 3 para Peóns, 3 para Persoal técnico-administrativo e 6 para Oficiais – con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2330000 de "Dietas de Tribunais".

8. As Comisións de selección nomeadas no presente acordo, para a selección de beneficiarios/as do programa "Vigo Emprega" 2^a quenda 2018, iniciarán as súas funcións coa realización da proba escrita e posteriormente das probas prácticas aos candidatos e



Concello de Vigo

candidatas remitidos polo Servizo Público de Emprego que superen os baremos mínimos aprobados pola Xunta de Goberno Local, conforme as “BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA “VIGO EMPREGA” DENTRO DA ESTRATEXIA “VIGO VERTICAL” (COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER))”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1179).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “AMPLIACIÓN Y REESTRUCTURACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA RÚA JENARO DE LA FUENTE”. EXPTE. 10611/446.

Visto o informe de fiscalización de data 17/10/18, dáse conta do informe-proposta de data 15/10/18, asinado polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe de Área de Servizos Xerais, e a técnica de Admón. Xeral. e polo concelleiro-delegado de Parque Xardíns Comercio Participación Cidadá e Distritos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- O Pleno Municipal, en sesión levada a cabo o día 27 de xuño de 2018, aprobou inicialmente o expediente núm. 54/142 de Modificación Orzamentaria nº 29/2018, expoñéndose o mesmo ao público, segundo anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 127, de data 3 de xullo de 2018.

Transcorrido o prazo de exposición regulamentario, de acordo ao preceptuado polo artigo 169 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e non téndose presentado reclamación ningunha, considérase, por tanto, aprobada definitivamente a Modificación Orzamentaria números 29/2018, correspondente ao expediente nº 54/142, publicándose a aprobación definitiva no BOPPO Nº 145, de data 30 de xullo de 2018.

Na citada modificación orzamentaria contéplase a aplicación 1710.6090070 “**Parque Infantil en rúa G. De la Fuente (Instituto Calvario)**”, cun importe de 500.000,00 euros.

2.- Para levar a cabo esta actuación, o Concelleiro Delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, por resolución de data 19 de febreiro de 2018, autorizou o con-

trato menor de servizos e o gasto por importe de 8.000,00 euros, para a redacción do proxecto de *Ampliación e reestruturación do parque infantil en Jenaro de la Fuente (Calvario)*, a prol da empresa Proyegal Ingeniería, SL (expte. 9790/446).

3.- O proxecto presentado pola empresa Proyegal Ingeniería, SL, en cumprimento do contrato, redactado polo arquitecto técnico, don Antonio Bea Vidal, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de CINCOCENTOS MIL EUROS (500.000,00 EUROS), e data agosto de 2018 e con sinatura dixital de data 14 de agosto de 2018.

4.- O xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección de Obras e ASIS Municipal, en data 4 de outubro de 2018, emite informe co seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES:

Pola empresa Proyegal Ingeniería S.L., presenta, trala fase de supervisión do borrador presentado, proxecto de “AMPLIACIÓN E REESTRUTURACION DO PARQUE INFANTIL DA RÚA JENARO DE LA FUENTE”, redactado polo Arquitecto Técnico Antonio Be Vidal cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS MIL EUROS (500.000,00 EUROS) e data agosto de 2018 e con sinatura dixital de data 14/08/2018.

DESCRIPCIÓN DAS OBRAS:

A actuación desenrólase nun parque público: sito no encontro entre as rúas Jenaro de la Fuente e Cronista José Espinosa.e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir:

- Previo desmontaxe do mobiliario urbano, xogos existentes e luminarias, procederase á limpeza e nivelación da parcela existente, e a retirada de seis árbores existentes.*
- Efectuarase a apertura de zanxas tanto para a cimentación de elementos de xogos propostos como para colocación de instalacións soterradas de abastecemento, recollida de augas pluviais e alumeado. Colocación de estrutura metálica para soporte de pavimento de madeira como ampliación de beirarrúa, instalacion de barandas de aceiro no perímetro do parque, e barandas de protección dentro do propio parque.*
- Colocación de pavimentos elásticos tipo EPDM e SBR, asentado sobre pavimento actual compactado.*
- Instalación de elementos de xogos para nenos creando dous ambientes por edades, así como colocación de farolas de alumado, elementos ornamentais e fonte.*

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 3 meses.



Concello de Vigo

INFORME:

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

Os custos sinalados no proxecto son custos adecuados ao mercado, segundo determina O Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, e informe de data 14/05/2018

CONCLUSIÓN:

Xa que a contía do proxecto é inferior a 500,000 euros e a actuación non afecta á estabilidade e seguridade polo que, o presente informe non ten carácter facultativo. A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

PROXECTO: AMPLIACIÓN E REESTRUTURACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA RÚA JENARO DE LA FUENTE

DOCUMENTACIÓN OBXECTO DE VERIFICACIÓN	Non aplica	SI	NO N	Observacións
Documento: Memoria				
Inclúe obxecto das obras, antecedentes e situación previa das mesmas		X		Apartado 1.1.2
Presenta xustificación da solución adoptada		X		Apartado 1.1.3
Presenta referencias nas que se fundamenta o replanteo da obra		X		Plano 9
Presenta programa de desenvolvemento dos traballos		X		Anexo 15
Presenta xustificación de cálculo dos prezos		X		Anexo 16
Presenta proposta de clasificación do contratista .	X			Anexo 5
O prazo de garantía é igual ou maior de 1 ano		X		Anexo 8
Presentase adecuación a normativa vixente de acesibilidade : Orden de VIV/561/2010, ley 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade e RD 35/2000.		X		Plano 11
Inclúe indicación expresa de que as actuacións recollidas no proxecto presentan: 1) Adecuación a ordenación urbanística vixente 2) Adaptación ao contorno e 3) Respeto ás normas de protección do patrimonio cultural 4) Autorizacións doutras administracións cando así se exixa.		X		Anexo 3
Presenta revisión de prezos	X			
Consta declaración de obra completa aos efectos do establecido nos artigos 125 e 127 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o RXLCAP		X		Anexo 6
O proxecto inclúe o correspondente estudo de seguridade e saúde conforme ao establecido no RD 1627/1997, de 24 de outubro		X		Documento 3
O proxecto inclúe o correspondente estudo de xestión de residuos conforme ao establecido no RD 105/2008, de 01 de febreiro		X		Anexo 11
O proxecto inclúe estudio xeotécnico dos terreos sobre os que se vai a executar a obra	X			Anexo 2
Presenta xustificación do respecto ás normas ambientais vixentes	X			Anexo 13
Documento: Planos				
Presenta planos de conxunto que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e servizos afectados		X		
Presenta planos de conxunto e detalle, dos que poidan deducirse as medicións e a exacta realización da obra		X		
Documento: Pliego de P.T.P.				
Inclúese un apartado de descripción das obras		X		
Aparece a maneira na que se levará a cabo a medición de unidades executadas		X		
Describe o proceso de execución das unidades		X		
Presenta plan de ensaios de control de calidade dos materiais a empregar		X		Anexo 7
Presenta referencia a normativa e ordenanzas xerais vixentes		X		
Documento: Presupuesto				
Presenta medicións e prezos unitarios e descompostos		X		
Os prezos dos materiais e das unidades de obra son adecuados para a execución da obra		X		Segundo Informe de 14.05.2018 Xefe de Montes, Parques e Xardíns
Inclúese capítulo independente para xestión de residuos .		X		
Inclúese capítulo independente para seguridade e saúde		X		
Documento Xeral				
O proxecto redactado por empresa externa está debidamente datado e asinado .		X		Agosto 2018, firma dixital 14.08.2018
Inclúese acta de replanteo das obras				Segundo o artigo 126 do TRLCSP deberá realizarse unha vez aprobado o presente proxecto



Concello de Vigo

5.- O xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 4 de outubro, emite informe co seguinte teor literal:

“INFORME:

En data 23 de abril de 2018, o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto de Ampliación e reestruturación do parque infantil da rúa Jenaro de la Fuente, redactado polo arquitecto técnico, don Antonio Bea Vidal

En data 4 de outubro de 2018, o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asis. Municipal emitiu informe no que fai constar que “ (...) A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

En relación ao cumprimento do Decreto 245/2003, de 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís, o técnico que subscribe fai constar que o redactor do proxecto tivo en conta as directrices desta normativa e, no momento da instalación do parque infantil e dos elementos que o configuran, esixírase un certificado expedido por unha entidade certificadora sobre o cumprimento da normativa de seguridade nos parques infantís.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO:

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir un proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificáanse, nos artigos 233 e 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro-

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario,

así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 231 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público – LCSP 2017), que, de acordo coa disposición adicional 2ª da LCSP 2017, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto de “**AMPLIACIÓN E REESTRUTURACIÓN DO PARQUE INFANTIL EN JENARO DE LA FUENTE (CALVARIO)**”, de data agosto de 2018 e con sinatura dixital de data 14 de agosto de 2018, presentado pola empresa Proyegal Ingeniería, SL, redactado polo arquitecto técnico, don Antonio Bea Vidal, cuxo orzamento base de licitación, IVE incluído, é de CINCOCENTOS MIL EUROS (500.000,00 EUROS).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1180).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DUN PARQUE INFANTIL NA RÚA CORUÑA”. EXPTE. 10472/446.

Visto o informe de fiscalización de data 16/10/18, dáse conta do informe-proposta de data 11/10/18, asinado polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe de Área de Servizos Xerais, a técnica de Admón. Xeral e polo concelleiro-delegado de Parque Xardíns, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2016, recolle dentro do capítulo “6 INVERSIÓN REAIS” a aplicación orzamentaria 1710.6190015 “PARQUES INFANTÍS E BIOSAÚDABLES”.

2.- Para levar a cabo esta actuación, o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, por resolución de data 19 de febreiro de 2018, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto por importe de 10.890,00 euros, para a redacción do proxecto de *Construcción dun parque infantil na rúa Coruña*, a prol da empresa Galaicontrol, SL (B36651487), expte. 9789/446.

3.- O proxecto presentado pola empresa Galaicontrol, SL, en cumprimento do contrato, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos, dona Trinidad López Rodríguez, ten



Concello de Vigo

un orzamento base de licitación, máis IVE, de UN MILLÓN CEN MIL EUROS (1.100.000,00 EUROS), de data marzo 2018 e asinado dixitalmente en data 14 de agosto de 2018.

4.- O xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 15 de marzo de 2018, informou que o proxecto de *Construción dun parque infantil na rúa Coruña* presentado cumpre cos obxectivos do contrato e o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, con data 15 de marzo de 2018, resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto (expte. 10472/446).

5.- En data 26 de abril de 2018, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, atendendo á normativa vixente e a criterios de mantemento preventivo e correctivo, informou á redactora do proxecto de que na redacción deberíase modificar ou engadir as seguintes cuestións:

- *“Incluír en tódalas páxinas a firma dixital co nome do autor do proxecto, a data de redacción actual e o número de expediente.*
- *Mellorar a calidade de certas imaxes incluídas no proxecto. Deberase ter unha icnografía en 3D vista dende cada ángulo para cada praza, coa totalidade dos elementos do parque e dos acabados, en tamaño A3.*
- *O deseño da pavimentación deberá ser máis vistosa, acorde coa temática proxectada e con cores máis vivos.*
- *A partida alzada de imprevistos está mal indicada no Anexo nº2.*
- *Ningunha ficha dos materiais e elementos a empregar na obra deberá presentar o nome do fabricante.*
- *A retirada dos puntos de luz non son en fachada.*
- *Incluír un apartado onde se especifiquen os ancoraxes de tódolos elementos: xogos, barandilla, farolas, fontes,.. indicando os sistemas de fixación e calidades dos mesmos.*
- *Deberase xustificar a accesibilidade ás dúas prazas.*
- *Deberase definir con máis detalle o sistema de impermeabilización, posta en obra e características técnicas, estando en concordancia na memoria, orzamento e planos.*
- *Deberase definir con máis detalle as pérgolas proxectadas, especificando as características técnicas e dimensións.*
- *Aparece en memoria a referencia a un inodoro portátil, que se decidiu non incluír.*
- *A fonte, bancos, papeleiras,.. descritos en memoria non coinciden cos planos nin orzamento. Repasar a concordancia das descricións en memoria, orzamento e planos para tódalas unidades de obra.*
- *Os condutores eléctricos serán unipolares coa designación RV-K 4x(1xsección) +16mm² TT, incluíndo picas de terra ou pranchas de terra segundo normativa.*
- *Describir con detalle a construción e características do pavimento continuo elástico coa capa base de SBR e a capa superior de EPDM coloreada con resina alifática cos espesores segundo normativa. Especificación da posta en obra e acabados.*
- *Describir con detalle o pechamento da pista deportiva, indicando características técnicas dos materiais a empregar e o sistema de instalación en obra. Ademais definir tamén características e calidades de porterías e canastras.*
- *Describir nun apartado unha táboa coa indicación e descrición dos xogos inclusivos, explicando o tipo de discapacidade para a cal están deseñados e número de usuarios.*
- *O estudo luminotécnico presentado debe adaptarse aos requirimentos e xustificacións do RD 1890/2008 para a rede de iluminación do parque.*

- *A rede de iluminación pública a definir incluirá tamén cableado e caixas de protección no interior das columnas, punto conexión coas proteccións eléctricas necesarias en cadro existente e legalización da instalación (boletín, OCA e memoria técnica de deseño).*
- *Débese indicar a potencia dos proxectores de iluminación tipo led e indicar que se pintarán en cor a definir pola propiedade. As alturas dos puntos de luz deberán de garantir o mantemento futuro.*
- *Deberase definir a alimentación eléctrica aos sistemas de cargadores de móbiles.*
- *O sistema anticán nas entradas ao parque deberá ser de resina de 2x2m aprox., incluíndo cartel normalizado da Area de xogo en cada entrada cara ao parque (4 unidades). Os carteis do parque terán logo do concello e logo Concellería de Montes, Parques e Xardíns, incluír plano tipo.*
- *No control de calidade incluír controis sobre o pavimento en contínuo e sobre os materiais das estruturas (xogos grandes e pérgolas).*
- *Na zona verde deberá contemplarse rega automática.*
- *Incluír recollida de pluviais dos sistemas anticans e nas fontes a instalar.*
- *Sinalar, na descrición da obra civil, que todo o perímetro das obras estará debidamente valado (as vallas incluírán o logo do Concello de Vigo homologado unha valla si e outra non). As obras deberán permanecer en todo momento perfectamente sinalizadas durante a duración da obra.*
- *Sería recomendable que non todos os elementos de xogo foran do mesmo fabricante, para así ter diversidade de modelos aínda que coa mesma temática do parque.*
- *Incluír unha limpeza final da obra para a entrega da mesma e antes da apertura das instalacións ao público.*
- *No Prego de Prescricións Técnicas particulares realizarase unha descrición das obras a executar, describiranse as condicións dos materiais a empregar, se indicarán as súas condicións e normativa que deberán de cumprir, descrición e regulación das unidades de obra na súa execución, obrigacións de orden técnico que correspondan ao contratista, forma de medición e control de execución e de calidade que lle corresponda, control de calidade e indicarse a asignación económica que corresponda para os ensaios de control correspondente (1% do orzamento), segundo determina o art. 123.c) do RD 3/2011. Faltan descrición de pavimentos (chan técnico continuo,...).*
- *O Estudo de seguridade e saúde segundo o RD 1627/1997, non é básico, polo que deberá estar documentado como tal.*
- *Incluír as seguintes partidas:*
 - *cartel de obra e ancoraxes durante a execución das mesmas de dimensións 2mx1,5m.*
 - *sinalización e balizado da obra,*
 - *2 tomas de auga para rega e baldeo,*
 - *maior número de bancos e papeleiras.*
- *Incluír os seguintes planos:*
 - *Plano de definición xeométrica: planos de plantas e sección descritivos e acoutados que definan perfectamente a actuación a executar.*
 - *Plano de replanteo xeral da obra, con acoutación da ubicación exacta dos elementos e areas de seguridade.*
 - *Planos imaxe final: planos e infografías 3D que definan o estado final da construción."*



Concello de Vigo

6.- En data 21 de maio de 2018 (doc. 180077584), Galaicontrol, SL, presenta CD co proxecto en formato pdf.

7.- En data 27 de xullo de 2018, o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asis. Municipal, emitiu informe co seguinte teor literal:

“Documentacion a subsanar y/o completar, caso de ser necesario poderase solicitar a este departamento a guia para a redación dos proxectos, na que se indica a documentación requerida para dar cumprimento a ley 9/2017, ley de contratos do sector público.

No que respeta a sintura dixital o afectar a todo o arquivo con extensión pdf considerase a efectos da oficina de supervisión que no e necesario a sinatura en todos as follas, pero si e necesario que se asine ademais manualmente en todos os pe de firmas que consten no documento técnico.

.-MEMORIA:

Anexo 02, no aspecto da ficha de impermeabilización asfáltica o propor fichas de unha casa comercial deberá de suprimirse o logo corporativo ou en seu lugar poderá remitirse a elementos similares.

Anexo 3, xustificarse que técnicamente a carga propia y sobrecarga proposta, que se propon esta axeitada (non se supera a os limites indicados na construción do aparcamento). Deberá de xustificarse que se adoptaron as indicacions das compañías suministradores y en caso contrario indicarse as solucións propostas. Nos aspectos de fichas técnicas excluírase o nome comercial

Anexo 6 deberá de repasarse a clasificación do contratista, polo que deberá aportase relación de valoración de unidades de obra que afectan as calificacións propostas.

Declaracion responsable do técnico autor do proxecto a canto a incompatibilidades. Ou no seu defecto pode presentar o proxecto co visado do colexiio oficial correspondente.

PLIEGO DE CONDICIONES:

PLANOS:

Adxuntara a nova distribución de acordo coa ultimo reunion efectuada in situ, asi como a adecuación da totalidade do documento técnico.

Aportará plano de replanteo que recolla dimensions, orixen de replanteo e cotas finais que se propoñen. Con respecto a via pública que delimita dito espazo público

Aportará planos esquematicos que se sinale, os espazos de renovación de aire (conductos ou chimeneas), nos que se indicará a protección necesaria que sinala a

normativa sectorial. Percorrido adaptado con indicación de anchos pendientes etc. dende a vía pública ata os espazos destinados a o uso público así como elementos propostos para a zona 6 , que podera reducir zonas de circulación xa existentes

En planos deberá de liberarse as zonas de saída/acceso a o aparcamiento, non podendo ocupar zonas de salidas en portas, así como se liberará zona de acceso na última planta utilizable do aparcadoiro.(zonas 2, 1 y 6).

Detalles constructivos de anclaxes de elementos estruturales de xogos propostos, vallado e zonas protección, a o forxado existentes a sua previsión de aislamentos.”

8.- En data 14 de agosto de 2018 (doc. 180137121), Galaicontrol, SL, presenta un novo CD co proxecto en formato pdf.

9.- En data 13 de setembro de 2018, o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asis. Municipal, emitiu informe co seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES:

Por resolución do Concelleiro Delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 15/03/2018, procedeuse ao inicio do expediente en cuestión. Pola empresa Galaicontrol S.L., presenta, trala fase de supervisión do borrador presentado, proxecto de “CONSTRUCCIÓN DUN PARQUE INFANTIL NA RÚA CORUÑA”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Trinidad López Rodríguez e cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CEN MIL EUROS (1.100.000 EUROS) e data Marzo de 2018, e sinatura dixital de data 14/08/2018

DESCRIPCIÓN DAS OBRAS:

A actuación se desenrola na praza pública existente na tapa do aparcadoiro da rúa Coruña e consisten as obras a executar as que se enumeran a seguir.

- Previa retirada de mobiliario existente, e a demolición do pavimento existente. Proponse unha nova impermeabilización da superficie posterior do aparcadoiro existente.*
- Dentro da proposta propoñense zonas ou espazos diferenciados para as zonas de ocio, ordenandoas a través de distintos tipos de elementos, a fin de xerar ambientes.*
- Instalación de elementos específicos de xogos tematizados, efectuados con elementos metálicos e acabados, segundo as fichas técnicas propostas no proxecto presentado.*
- Renovación da rede sumidoiros e instalación eléctrica, con realización de rede de abastecemento para dotar de servizo aos bebedeiros propostos.*
- Colocación de novos pavimentos a base de mortero de recrido e nivelación coa formación de pendentes para evacuación de augas, tratamento impermeabilizante a base imprimación asfáltica e posterior pavimento de formigón HA-25 de 15 cm. de espesor reforzado con fibra , acabados superficiais, segundo as zonas definidas no proxecto de zonas coloreados sobre o formigón, losetas hidráulicas asentadas sobre mortero, pinturas clorocaucho antideslizante e pavimento continuo de caucho, en varios cores executado sobre base de SBR negro, e capa superior de EPDM en cores a definir pola dirección facultativa, e zonas verdes con fondo de grava drenaxes e terra vexetal fertilizada.*



Concello de Vigo

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 3 meses.

INFORME:

No aspecto urbanístico a actuación desenrólase nun solo urbano consolidado, estando cualificado segundo o PXOU/93 e documento "borrador instrumento de ordenación provisional) con ordenanza 3.1.A, e como tal a actuación proposta no è contraria ao ordenamento urbanístico.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

No anexo 2 indícase a sobrecarga máxima a que se somete o teito do aparcadoiro, que é inferior á prevista segundo o autor do proxecto.

CONCLUSIÓN:

Os costes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son precios xerais de mercado. Segundo informe do Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 24/05/2018

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

PROXECTO: CONSTRUCCIÓN DUN PARQUE INFANTIL NA RÚA CORUÑA

DOCUMENTACIÓN OBXECTO DE VERIFICACIÓN	Non aplica	SI	NO N	Observacións
Documento: Memoria				
Inclúe obxecto das obras, antecedentes e situación previa das mesmas		X		Apartado 6.1
Presenta xustificación da solución adoptada		X		Apartado 6.2
Presenta referencias nas que se fundamenta o replanteo da obra		X		Anexo 11
Presenta programa de desenvolvemento dos traballos		X		Anexo 5
Presenta xustificación de cálculo dos prezos		X		Anexo 7
Presenta proposta de clasificación do contratista .		X		Anexo 06
O prazo de garantía é igual ou maior de 1 ano		X		Apartado 16
Presentase adecuación a normativa vixente de accesibilidade : Orden de VIV/561/2010, ley 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade e RD 35/2000.		X		Apartado 15
Inclúe indicación expresa de que as actuacións recollidas no proxecto presentan: 1) Adecuación a ordenación urbanística vixente 2) Adaptación ao contorno e 3) Respeto ás normas de protección do patrimonio cultural 4) Autorizacións doutras administracións cando así se exixa.			X	Anexo 11
Presenta revisión de prezos	X			Apartado 10
Consta declaración de obra completa aos efectos do establecido nos artigos 125 e 127 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o RXLCAP		X		Apartado 18
O proxecto inclúe o correspondente estudo de seguridade e saúde conforme ao establecido no RD 1627/1997, de 24 de outubro		X		Anexo 10
O proxecto inclúe o correspondente estudo de xestión de residuos conforme ao establecido no RD 105/2008, de 01 de febreiro		X		Anexo 08
O proxecto inclúe estudio xeotécnico dos terreos sobre os que se vai a executar a obra	X			Apartado 4
Presenta xustificación do respecto ás normas ambientais vixentes		X		Anexo 9
Documento: Planos				
Presenta planos de conxunto que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e servizos afectados		X		
Presenta planos de conxunto e detalle, dos que poidan deducirse as medicións e a exacta realización da obra		X		
Documento: Pliego de P.T.P.				Documento 03
Inclúese un apartado de descripción das obras		X		
Aparece a maneira na que se levará a cabo a medición de unidades executadas		X		
Describe o proceso de execución das unidades		X		
Presenta plan de ensaios de control de calidade dos materiais a empregar		X		Anexo 12
Presenta referencia a normativa e ordenanzas xerais vixentes		X		
Documento: Presupuesto				
Presenta medicións e prezos unitarios e descompostos		X		
Os prezos dos materiais e das unidades de obra son adecuados para a execución da obra		X		Segundo informe do 24/05/2018 do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns
Inclúese capítulo independente para xestión de residuos .		X		
Inclúese capítulo independente para seguridade e saúde		X		
Documento Xeral				
O proxecto redactado por empresa externa está debidamente datado e asinado .		X		Marzo 2018, data sinatura dixital 14/08/18
Inclúese acta de replanteo das obras				



Concello de Vigo

10.- O xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 25 de setembro de 2018, informa que "(...) *En relación ao cumprimento do Decreto 245/2003, de 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís, o técnico que subscribe fai constar que o redactor do proxecto tivo en conta as directrices desta normativa e, no momento da instalación do parque infantil e dos elementos que o configuran, esixírase un certificado expedido por unha entidade certificadora sobre o cumprimento da normativa de seguridade nos parques infantís.*"

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO:

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir un proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro-

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 231 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público – LCSP 2017), que, de acordo coa disposición adicional 2ª da LCSP 2017, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto de "**CONSTRUCCIÓN DUN PARQUE INFANTIL NA RÚA CORUÑA**", presentado pola empresa Galaicontrol, SL, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos, dona Trinidad López Rodríguez, cun un orzamento base de licitación, máis IVE, de UN MILLÓN CEN MIL EUROS (1.100.000,00 EUROS), data marzo 2018 e asinado dixitalmente en data 14 de agosto de 2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1181).- OUTORGAMENTO DAS SUBVENCÍONS PARA O “FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO ANO 2018”. EXPTE. 8011/320.

Visto o informe xurídico do 05/10/18, e o de fiscalización do 17/10/18, dáse conta do informe-proposta de data 18/10/18, asinado polo xefe de Servizo de Participación Cidadá, o concelleiro-delegado de Participación Cidadá, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 25 de maio de 2018, aprobáronse as bases reguladoras das subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá para a ano 2018.

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 110 do 8 de xuño de 2018, así como, na páxina web do Concello de Vigo, promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (7 de xuño de 2018).

Durante este prazo (de 8 a 28 de xuño), achegaron un total de corenta e tres solicitudes (43):

	NºExp	Serv	SOLICITANTE	Data Rex.
1	8097	320	ASOC VECINOS FONTE DE GALO VIGO CENTRO	09/06/18
2	8098	320	SOCIEDAD CULTURAL RECREATIVA DE PARDAVILA	12/06/18
3	8099	320	ASOC VECINAL CULTURAL Y DEPORTIVA VAL DO FRAGOSO	13/06/18
4	8105	320	ASOCIACION DE VECIÑOS AS NOSAS RUAS DA TRAVESÍA DE VIGO	14/06/18
5	8106	320	ASOC CULTURAL E DEPORTIVA XESTAS	14/06/18
6	8107	320	A.VV. A UNIÓN DE MATAMÁ	19/06/18
7	8108	320	COLECTIVO VECIÑAL CURVA DE SAN GREGORIO	19/06/18
8	8114	320	ASOC VECIÑOS PLAZA DA MIÑOCA	20/06/18
9	8115	320	DIEGO DOCABO MARTINEZ	20/06/18
10	8117	320	ASOC DE VECINOS SAN ROQUE	21/06/18
11	8118	320	CENTRO R.A.CULTURAL CORUXO	21/06/18
12	8119	320	ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA CULTURAL E VECIÑAL ANDARELA	22/09/18
13	8124	320	CENTRO R. CULTURAL DE CABRAL	22/06/18
14	8125	320	ASOCIACION DE VECINOS MONTE DA MINA DE CASTRELOS	22/06/18
15	8126	320	A.V.C.D. SAN XURXO DE SAIÁNS	22/06/18
16	8128	320	AVCD LAVADORES	26/06/18
17	8129	320	ASOC DE VECINOS DE LA SALGUEIRA ROSALIA DE CASTRO DE	26/06/18



Concello de Vigo

	NºExp	Serv	SOLICITANTE	Data Rex.
			VIGO	
18	8131	320	ASOCIACION VECINOS AS FONTES	26/06/18
19	8132	320	ASOC DE VECINOS CRISTO DE LA VICTORIA	25/06/18
20	8133	320	ASOCIACION VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO	25/06/18
21	8134	320	ASOCIOACION VECIÑAL CULTURAL E RECREATIVA SAN MAMEDE DE ZAMANS	25/06/18
22	8135	320	A.V.C.D. SAMPAIO	27/06/18
23	8136	320	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O TORREIRO DE COIA	26/06/18
24	8137	320	ASOCIACION VECIÑOS DO CALVARIO	26/06/18
25	8138	320	AVCUC EMILIO CRESPO DE NAVIA	26/06/18
26	8139	320	U.V.C.D CANDEÁN	26/06/18
27	8140	320	ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	26/06/18
28	8141	320	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CORUXO	28/06/18
29	8142	320	ASOCIACION DE VECINOS DE NOVO VIGO	28/06/18
30	8143	320	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS FEIRA CABRAL	28/06/18
31	8145	320	CENTRO CULTURAL VECIÑAL E DEPORTIVO VIGO CENTRO	27/06/18
32	8146	320	ASOCIACIÓN VECINAL MOVIMIENTO CIUDADANO	27/06/18
33	8147	320	ASOCIACION VECIÑOS FREIXO	27/06/18
34	8148	320	ASOCIACION DE VECINOS NOSA TERRA DE ALCABRE	27/06/18
35	8149	320	ASOCIACION VECIÑOS SANTA MARIÑA CABRAL	27/06/18
36	8150	320	A.V.V. 'CAMIÑO VELLO DE COIA'	27/06/18
37	8151	320	ASOCIACION VECIÑAL DOUTOR FLEMING	27/06/18
38	8152	320	AA VV DE SAN MIGUEL DE OIA	27/06/18
39	8154	320	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE SARDOMA O CARBALLO	27/06/18
40	8156	320	SCD ATLANTIDA DE MATAMA	28/06/18
41	8157	320	CCAR DE VALLADARES	28/06/18
42	8159	320	SOCIEDAD CULTURAL RECREATIVA Y DEPORTIVA HELIOS DE BEMBRIVE	30/06/18
43	8177	320	AGRUPACION DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS DE VIGO	27/06/18

OBXECTO DA SUBVENCIÓN E ENTIDADES BENEFICIARIAS

As subvencións convocadas están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía. As subvencións convocadas na convocatoria de 2018 están destinadas a:

- Programa I: "Gastos en mantemento"
- Programa II: "Gastos en investimento: equipamento"
- Programa III: "Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles"

CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

Segundo as bases reguladoras da subvención, a cantidade consignada presupostariamente para subvencionar o Programa I foi de 148.000 €, que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada “Subvencións a entidades cidadás”

Pola súa parte, a cantidade dispoñible para os Programas II “Gastos de investimento: equipamento” e Programa III “Gastos de investimento: obras e adquisición de inmobles”, é de 150.000 €, se fará efectiva con cargo á partida 9240 7800010, chamada “Transferencias de Capital Asociacións”, do orzamento de 2018.

A distribución final destas contías entre os tres Programas resultou ser a seguinte:

•Programa I:	148.000 €
•Programa II:	55.000 €
•Programa III:	95.000 €

En ningún caso, as axudas outorgadas superan os límites cuantitativos fixados na base terceira das subvencións.

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E CRITERIOS DE VALORACIÓN

O procedemento iniciouse de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente (art. 20 da LSG) e tramítase en réxime de **concorrenza competitiva**, de acordo co art. 22.1 da LXS.

A cláusula décima das bases reguladoras da subvención, recolle os criterios de valoración, precisando a ponderación relativa atribuída a cada un deles:

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, tívose en conta:

a) **Traxectoria e antigüidade da entidade.-** Ata 10 puntos **(COLUMNAS A1 e A2)**

Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

- Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos

Ano 87 a 93	5
Ano 94 a 99	4
Ano 2000 a 2005	3
Ano 2006 a 2012	2
Ano 2013 a 2016	1
En adiante	0

- Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

Antigüidade: mais de 50 anos	5
26 a 50 anos	4
11 a 25 anos	3



Concello de Vigo

5 a 10 anos	2
1 a 4 anos	1
0 anos	0

b) **Representatividade e área de influencia.**- Ata 5 puntos **(COLUMNA B)**
Valorarase tendo en consideración o número de socios numerarios da asociación.

Socios: Ata 500 socios	1
De 501 a 1000 socios	2
De 1001 a 1500 socios	3
De 1501 a 2000 socios	4
Mais de 2000 socios	5

c) **Capacidade económica,** suficiente e axeitada da entidade para xestionar as propostas presentadas.- Ata 10 puntos:

- Segundo o presuposto de gastos do ano anterior (2016): Ata 5 puntos **(COLUMNA C2)**

Presuposto: Ata 10.000 €	5
De 10.001 a 50.000 €	4
Do 50.001 a 70.000 €	3
Do 70.001 a 100.00 €	2
Mais de 100.000 €	1

- Segundo a porcentaxe económica que achega a entidade para facer fronte ao custe do proxecto para o que solicita a subvención: Ata 5 puntos **(COLUMNA C1)**

Solvencia: Do 56% ata o 100%	1
Do 41% ata o 55%	2
Do 26% ata o 40%	3
Do 16% ata o 25%	4
Ata o 15%	5

d) **Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto de actividades.**- Ata 25 puntos **(COLUMNAS D,E,F,G,H)**

Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

- A) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais.

Duración media dos programas ou grupos estables (máximo 8 puntos)

Ata 3 meses:	2 puntos
Ata 6 meses:	4 puntos
Ata 9 meses:	6 puntos

Ata 12 meses: 8 puntos

- B) Maior número de actividades desenvolvidas, a diversidade de contidos, a súa duración.

Número de actividades formativas (máximo 8 puntos)

1-10 actividades: 2 puntos

11-20 actividades: 4 puntos

21-30 actividades: 6 puntos

Máis de 31 actividades: 8 puntos

- C) Que os programas inclúan contidos e métodos socioculturais e/ou socioeducativos.

Número de actividades formativas (máximo 5 puntos):

1-3 programas: 2 puntos

4-7 programas: 3 puntos

8-11 programas: 4 puntos

12 ou mais programas: 5 puntos

- D) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

Si: 2 puntos

Non: 0 puntos

Parcial: 1 puntos

- E) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede (máximo 2 anos):

0 entidades: 0 puntos

1-3 entidades ou colaboración puntual: 1 puntos

4 ou mais entidades ou colabora estable: 2 puntos

f) Calidade e viabilidade técnica e económica das propostas.- Ata 30 puntos (COLUMNA I)

- Distribuirase un total de 25 puntos por tramos en base ao custe do proxectos achegados para cada un dos Programas (*gastos en mantemento, gastos en equipamento e gasto en obras*):

De 1 € a 1.000 €: 1 punto

De 1.001 a 1.250 €: 2 puntos

De 1.251 a 1.500 €: 3 puntos

De 1.501 a 1.750 €: 4 puntos

De 1.751 a 2.000 €: 5 puntos

De 4.001 a 4.500 €: 11 puntos

De 4.501 a 5.000 €: 12 puntos

De 5.001 a 5.500 €: 13 puntos

De 5.501 a 6.000 €: 14 puntos

De 6.001 a 6.500 €: 15 puntos



Concello de Vigo

De 2.001 a 2.250 €: 6 puntos
De 2.251 a 2.500 €: 7 puntos
De 2.501 a 3.000 €: 8 puntos
De 3.001 a 3.500 €: 9 puntos
De 3.501 a 4.000 €: 10 puntos

De 6.501 a 7.000 €: 16 puntos
De 7.001 a 8.000 €: 17 puntos
De 8.001 a 9.000 €: 18 puntos
[...]
De 15.001 en diante : 25 puntos

- Mellora da accesibilidade cara a integración de colectivos con discapacidade, a través da eliminación de barreiras arquitectónicas, tecnolóxicas ou de integración : (Ata 5 puntos).
Este criterio de “Mellora da accesibilidade” non se aplicou a ningún dos proxectos presentados.

g) Colaboración das entidade coa Administración Local. Ata 20 puntos **(COLUMNA J)** **(Achegase no expediente Informe explicativo das puntuación acadadas)**

- Valorarase o número de rexistros tramitados (Xestión de Expedientes Municipal) relacionados con peticións de carácter sociomunitario (solicitudes, queixas, suxestións...). Máximo 10 puntos:
 - Ata 3 rexistros: 4 puntos
 - De 4 a 6 rexistros: 8 puntos
 - Mais de 7 rexistros: 10 puntos
- Grado de contacto, implicación e colaboración da entidade solicitante coa Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, puntuarase o número de comunicacións de actos, actividades e actuacións programadas, informacións, actualizacións de datos... dos que teña coñecemento o servizo de Participación Cidadá. Máximo 5 puntos.
- Participación noutros programas municipais: valorase con 2 puntos cada un dos programas municipais nos que se participe, ata un máximo de 5 puntos.

h) Xustificación das subvencións.- Ata 10 puntos **(COLUMNA K)** **(Achegase no expediente Informe explicativo das puntuación acadadas)**

Coa avaliación deste criterio, o que se pretende é valorar o esforzo realizado pola entidade para unha correcta execución e xustificación das subvencións concedidas:

- Restarase un punto por cada unha das emendas ou documentos requiridos para subsanar a xustificación presentada no ano 2016
- A aquelas entidades as que se lles aplicou a redución proporcional por xustificación incompleta, restaráselle 2 puntos mais cando a porcentaxe xustificada supere o 50% e, 3 puntos cando a porcentaxe xustificada sexa inferior ao 50 %.
- Aquelas entidades que non xustificaron ou presentaron renuncia expresa obterán unha puntuación de 0 puntos.

**i) Utilización da ferramenta en liña “Asociacións en Rede” (asociacions.vigo.org). Ata 5 puntos (COLUMNA L)
(Achégase no expediente Informe explicativo das puntuación acadadas)**

Terase en conta a súa antigüidade como usuario da páxina e o número de publicacións realizadas:

- Antigüidade na páxina *asociacions.vigo.org*. Ata 2 puntos
 - 1 ano ou mais (anterior á data da convocatoria): 2 puntos
 - Inferior a 1 ano: 1 punto
- Publicación de novas no último ano (*). Ata 2 puntos:
 - De 1 a 4 publicacións: 1 punto
 - 5 publicacións ou mais: 2 punto
- Outras publicacións no último ano (fotos, muro...): 1 punto

(*) Non se computan as publicacións de ofertas de emprego por tratarse dun trámite de obrigado cumprimento esixido polas bases da convocatoria de subvencións para o fomento do emprego.

CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN

a) Todas as asociacións ás que se propón outorgar subvención no punto primeiro da parte dispositiva deste informe, están debidamente inscritas no RMA nos epígrafes 10.1 ou 10.5 de dito Rexistro, “*Asociacións veciñais*” e “*Sociedades culturais, recreativas, deportivas, ateneos, círculos, liceo, casas rexionais*”, respectivamente, cumprindo así co disposto nas bases primeira e segunda da norma reguladora das subvencións.

Porén, se propón ao órgano competente a desestimación de 4 solicitudes:

- Asociación Momento Veciñal Noso Barrio (G36776920), ao non estar inscrita no epígrafe que, segundo a Base 1.d) da norma reguladora da subvención, permitía a concorrencia nesta convocatoria pública.

- Diego Docabo Martínez (76997136J), non concorre no solicitante a condición beneficiario, xa que os datos de rexistro do documento corresponden a unha persoa física e non unha entidade sen ánimo de lucro. Así mesmo, a entidade á que representa o solicitante da subvención, isto é, a Asociación Cultural TRASPÉS (G-27739861), cuxa documentación se adxunta na solicitude tampouco reúne os requisitos para acadar a condición de beneficiaria, xa que figura inscrita no RMA co núm. 1113-10 no epígrafe 2.3, e non no epígrafe 10.1 ou 10.5, como se esixe nas bases da convocatoria.

- Asociación Folclórica, Cultural e Veciñal Andarela: inscribiuse no RMA co núm. de rexistro 162-90 no epígrafe 2.3 e por resolución do Concelleiro de Participación Cidadá de data 16/05/2018, a petición da interesada (núm. documento 180018234) acordou inscribir a modificación de epígrafe coa clasificación 10.5. Non obstante o anterior, non concorre a condición de beneficiaria, xa que, á vista dos antecedentes, fins e obxectivos estatutarios, e



Concello de Vigo

das actividades principais que desenvolve e en relación con esta concellería, se considera que non opera no movemento veciñal

- S.C.D.R. Helios de Bembrive: presenta a solicitude (doc. 180102483) con data 30/06/2018, e por tanto fora do prazo da convocatoria (8 de xuño a 28 de xuño)

Ademais, se propón a desestimación parcial da solicitude da Asociación de Vecinos de Novo Vigo, por existir no vixente orzamento municipal consignación orzamentaria nominativa ao seu favor, para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, coa mesma finalidade que en algún dos supostos contemplados nesta convocatoria ("Gastos de mantemento, equipamento e obras ou adquisición de inmobles")

Por último, se propón a desestimación das solicitudes de modificación ou rectificación do proxecto solicitado no Programa III: obras, polas entidades A.C.D.R. Pardavila e S.C.D. Atlántida de Matamá

b) Todas as solicitudes para concorrer no procedemento, agás a formulada por S.C.D.R. Helios de Bembrive, se solicitaron no prazo establecido ao efecto na base oitava.

c) En ningún caso se superan os límites cuantitativos establecidos na base cuarta da convocatoria, a saber:

- Programa I: en ningún caso, a contía de 5.000 €
- Programa II: en ningún caso, o cantidade de 5.000 €
- Programa III: o 80 % do orzamento presentado e o máximo de 15.000 €

d) Todas as asociacións ás que se lle concede subvención, teñen sede social ou delegación no termo municipal de Vigo (Base 2.1).

e) Dos seus estatutos e normas reguladoras despréndese que ditas entidades teñen obxectivos e fins coincidentes cos establecidos nas bases, dispoñendo dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos mesmos (Base 2 e 3).

f) As entidades que resultaron beneficiarias da subvención teñen debidamente xustificadas en tempo e forma as axudas que se lle outorgaron na Área de Participación Cidadá, de conformidade coa Base 6.2, apartado 1º. Enténdese cumprido este requisito, respecto das entidades solicitantes, que non concorreron á convocatoria do ano 2017, ou que, se ben concorreron, non obtiveron subvención ou renunciaron á subvención outorgada, polo que, non se lle outorga ningunha puntuación polo criterio de "xustificación de subvención", previsto na Base 10.h) da convocatoria.

g) Incorpóranse ao expediente a certificacións acreditativas de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AET, Facenda da Xunta de Galicia, e Concello de Vigo, así como das obrigas coa Seguridade Social.

h) Constan as declaracións de que as entidades beneficiarias non se atopan incursas en ningunha das prohibicións do art. 13 da LXS (anexo I solicitude, requisito esixido polas Bases 2.7 e 9

i) As asociacións concorreron achegando a solicitude e anexos á solicitude, regulada na Base 9ª e aprobada como modelo oficial (anexos I)

j) Incorpórase como Anexo I a acta da Comisión de Valoración do 6 de setembro de 2018 conformidade da Concellería de Participación Cidadá coa realización das obras en locais municipais, sede de entidades asociativas, que se subvencionan no Programa III (“Gastos en investimento: obras e adquisicións de inmobles”), da mesma data.

PRAZO E CONTIDO DA RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

De acordo coa base Décimo 11.5 das bases reguladoras da subvención, unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará **proposta de resolución provisional**, na que se concretarán as solicitudes estimadas e as desestimadas con expresión da súa causa. Da devandita proposta darase audiencia aos interesados a fin de que no prazo de 10 días hábiles, poidan achegar as alegacións que estimen pertinentes.

A Comisión de Valoración, examinará as alegacións achegadas e remitirá a acta coa valoración correspondente ao instrutor, que formulará **proposta de resolución definitiva** á Xunta de Goberno Local.

O concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, con data 22/08/2018, conforme ao establecido no apartado 11ª das bases da convocatoria (“procedemento: instrución, resolución, notificación e/ou publicación, recursos e renuncia”) resolveu o nomeamento dos titulares e suplentes da Comisión de Valoración que presiden, de conformidade coa dita base, cos seguintes membros:

Vogal 1	Titular	Francisco J. Gutiérrez Orúe	Xefe do servizo de Participación Cidadá
	Suplente	Mónica Santero García	Técnica de Xestión
Vogal 2	Titular	Marta Alonso Posada	Administrativa da Administración Xeral
	Suplente	Rosa María Otero Malvárez	Administrativa da Administración Xeral
Secretario/a	Titular	Francisco J. Gutiérrez Orúe	Xefe do servizo de Participación Cidadá
	Suplente	Marta Alonso Posada	Administrativa da Administración Xeral

Na parte dispositiva deste informe proposta, incorpórase a relación das trinta e nove (39) entidades as que se lle propón conceder subvención, para algún ou todos os Programas para os que solicitou axuda.

Proponse, por outra lado, desestimar ás solicitudes relacionadas a continuación, xa que as mesmas non cumprían coas condicións e requisitos establecidos para acadar a condición de beneficiaria.

Deste xeito, **a comisión de valoración, en xuntanza de 06/09/2018**, conforme á información e documentación obrante no expediente, procedeu a realizar a avaliación das



Concello de Vigo

solicitudes presentadas cos resultados expostos na acta da comisión asinada por todos os seus compoñentes e que se achega xunto co expediente, **acordando o seguinte:**

DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN

Das solicitudes achegadas, seguindo o disposto nas bases 1ª.d) (beneficiarias das subvencións), 2ª (*Requisitos dos Solicitantes*) e 6ª (*Desestimación das Solicitudes*) da norma reguladora das subvencións, acórdase propor a desestimación das presentadas por 3 persoas ou entidades, que non reúnen os requisitos para obter a condición de beneficiaria, é dicir, entidades, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións, que operen no movemento veciñal e traballen no ámbito sociocomunitario, da participación cidadá e das relacións cidadáns e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que presta o Concello de Vigo, inscrición que, xunto ao cumprimento dos demais requisitos esixidos, habilitaba a concorrer nesta convocatoria pública:

TÁBOA 1 (Non inscritas no RMA. Epígrafes 10.1-10.5 como entidades de carácter veciñal)

CIF/NIF	ENTIDADES	REXISTRO E PROGRAMAS
G-36776920	Asociación Movemento Veciñal Noso Barrio (1)	180100801 (P.II) 180100802
76997136J	Diego Docabo Martínez (2)	180096392 (P.I e P.II)
G-36698686	Asociación Folclórica e Cultural e Veciñal ANDARELA (3)	180097894 (P.I e P.II)

1. Asociación Momento Veciñal Noso Barrio (G36776920), inscrita no RMA co núm. de rexistro 367-95, no epígrafe 10.4, e non no epígrafe 10.1 ou 10.5, como se esixe nas bases da convocatoria.
2. Diego Docabo Martínez (76997136J), non concorre no solicitante a condición beneficiario, xa que os datos de rexistro do documento corresponden a unha persoa física e non unha entidade sen ánimo de lucro. Así mesmo, a entidade á que representa o solicitante da subvención, isto é, a Asociación Cultural TRASPÉS (G-27739861), cuxa documentación se adxunta na solicitude tampouco reúne os requisitos para acadar a condición de beneficiaria, xa que figura inscrita no RMA co núm. 1113-10 no epígrafe 2.3, e non no epígrafe 10.1 ou 10.5, como se esixe nas bases da convocatoria.
3. Asociación Folclórica, Cultural e Veciñal Andarela: inscribiuse no RMA co núm. de rexistro 162-90 no epígrafe 2.3 e por resolución do Concelleiro de Participación Cidadá de data 16/05/2018, a petición da interesada (núm. documento 180018234) acordou inscribir a modificación de epígrafe coa clasificación 10.5. Non obstante o anterior, non concorre a condición de beneficiaria, xa que, á vista dos antecedentes, fins e obxectivos estatutarios, e das actividades principais que desenvolve e en relación con esta concellería, se considera que non opera no movemento veciñal nin

traballa no ámbito sociocomunitario, da participación cidadá e das relacións cidadáns nin as súas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que servan para reforzar os servizos que presta o Concello de Vigo, o cal, xunto ao cumprimento dos demais requisitos esixidos, habilitaba a concorrer nesta convocatoria pública

Finalmente, propónse a desestimación da solicitude presentada fóra do prazo establecido (de 8 de xuño a 28 de xuño de 2018):

TÁBOA 2 (Presentación da solicitude fóra do prazo)			
CIF	ENTIDADE	Nº E DATA REXISTRO E PROGRAMAS	MOTIVO
G36633428	S.C.D.R. Helios de Bembrive	180102483 (30/06/2018) P.I, II e III	Base 8: O prazo de presentación das solicitudes, será de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.[...] Todas as solicitudes, así como as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior deberán achegarse antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo" Base 20: ... A publicación que determinará o inicio do prazo de 15 días hábiles pra a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no BOP (7 de xuño)

Así mesmo, de conformidade coa Base 6ª.2, en relación coa Base 2ª.8 da convocatoria, propónse a **desestimación parcial** da solicitude da Asociación de Vecinos de Novo Vigo, por existir no vixente orzamento municipal consignación orzamentaria nominativa ao seu favor, para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, coa mesma finalidade que en algún dos supostos contemplados nesta convocatoria ("Gastos de mantemento, equipamento e obras ou adquisición de inmobles"):

TÁBOA 3 (Entidades con convenio nominativo para gastos de mantemento)				
CIF	ENTIDADES	PROGRAMA	REXISTRO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA E IMPORTE
G-27771195	Asociación de Vecinos de Novo Vigo	I	1800100815	9240 4890004 "Asociación Veciños Novo Vigo".- 4.938,50 €

DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES DE MODIFICACIÓN DE PROXECTOS INICIAIS

A Sociedade Cultural e Deportiva Atlántida de Matamá (G36620854), a través do documento núm. 180113729 de data 16/07/2018, é dicir, con posterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes de subvención (de 8 a 28 de xuño), achega a rectificación do proxecto solicitado no Programa III (a través do documento núm. 180101579 de 28/06/18), para incluír no mesmo a obra de "vestiario" polo importe de 1.492,88 €.



Concello de Vigo

Se propón a desestimación da solicitude de rectificación xa que a mesma se produce unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes establecido aos efectos, ao tempo que, tampouco pode ser considerada como unha emenda da documentación presentada ou dun defecto subsanable nin unha mellora voluntaria da solicitude, ao abeiro do artigo 39 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo das Administracións Públicas (LPAP)

En definitiva, a dita solicitude supón unha reformulación ou modificación “de facto” do proxecto inicialmente presentado, realizada fóra de prazo e non contemplada nas bases da convocatoria, polo que se formula proposta de outorgamento de subvención a prol da entidade para o financiamento do proxecto do Programa III, tal e como viña recollido na solicitude inicial de data 28/06/18 e documento núm. 180101579 e, polo tanto, se desestima a solicitude de rectificación presentada co documento núm. 180113729 de data 16/07/18.

A Asociación Cultural Recreativa e Deportiva Pardavila (G36648996), a través do documento núm. 180137846, de data 16/08/18, é dicir, con posterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes de subvención (de 8 a 28 de xuño), achega a modificación do proxecto solicitado no Programa III (a través do documento núm. 180091122 de 12/06/18), de xeito que, substitúe “traballos de albanería, sacar azulexos, alicatar, baños, pintar sala e escaleiras” por “placas fisuradas, falso teito e panel led”.

Tamén se propón a desestimación da solicitude de modificación xa que a mesma se produce unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes establecido aos efectos, ao tempo que, tampouco pode ser considerada como unha emenda da documentación presentada ou dun defecto subsanable nin unha mellora voluntaria da solicitude, ao abeiro do artigo 39 da Lei 39/2015 (LPAP)

A maior abundamento e dado que o local no que se realizarán as obras é de titularidade municipal, consta no expediente, autorización da concellería de Participación Cidadá, de data 02/08/18, para realizar as obras contempladas no proxecto inicial.

Deste xeito fórmase proposta de outorgamento de subvención a prol da entidade para o financiamento do Programa III, tal e como viña descrito na solicitude presentada con data 12/06/18 e documento núm. 180091122 e, polo tanto, se desestima a solicitude de modificación presentada co documento núm. 180137846, de data 16/08/18

Proponse, a desestimación das solicitudes de modificación que se relacionan de seguido:

TÁBOA 4 (Solicitudes de modificación/rectificación de proxectos do Programa III: obras)				
CIF	ENTIDADES	PROGRAMA	REXISTRO	DATA REXISTRO
G-36620854	S.C.D. Atlántida de Matamá	III	180113729	16/07/2018
G36648996	A.C.R.D Pardavila	III	180137846	16/08/2018

Unha vez eliminadas da relación as solicitudes indicadas nos parágrafos anteriores, optan a ser **beneficiarias** das subvencións as seguintes entidades:

TÁBOA 5 : ENTIDADES BENEFICIARIAS

	CIF	ASOCIACIÓN	PROGRAMAS
1	G-27762434	Asociación Centro Cultural Veciñal e Deportivo Vigo Centro	I-II
2	G-36648640	A.V.C.S. San Miguel de Oia	I
3	G-36709004	A.V. Doutor Fleming	I-II
4	G-36649325	Asociación Veciñal "O Carballo" de Sárdoma	I-II-III
5	G-36651073	A.V.C.D. De Cabral	I-II
6	G-36691855	A.V.C.R. San Mamede de Zamáns	I-II-III
7	G-36659829	A.V. De Coruxo	I-III
8	G-36842284	A.V.V. Da Miñooca	I-II
9	V-36655017	A.V. Fonte do Galo	II-III
10	G-36645885	A.VV Casco Vello	I-II
11	G-36623593	A.V.C.D."Monte da Mina" de Castrelos	III
12	G-36640860	A.V. C.U. "Val do Fragoso"	I-II-III
13	G-36632081	A.V.C.V- C.S.C.R de Beade	I-II-III
14	G-36648988	A.V.C.D. "San Xurxo" Saians	I-II-III
15	G-36654036	A.V. De Matamá "A Unión"	I-II-III
16	G-36659894	A.V. De San Roque	I-II
17	G-36633618	A.V.C.D. Lavadores	I-II-III
18	G-36640985	.A.V. "As Nosas Rúas"	I
19	G-36649374	A.V. "Nosa Terra" Alcabre	I-II-III
20	G-36648608	A.V. De Navia	I-II-III
21	G-36622793	A.V.V Cristo da Victoria de Coia	I-II
22	G-36648996	Asociación Cultural Recreativa Deportiva "Pardavila"	I-II-III
23	G-36972024	Asociación Veciñal Curva de San Gregorio	II
24	G-27771195	Asociación de veciños de Novo Vigo	II
25	G-36729796	AVV. Feira Cabral	I-II-III
26	G-36620854	S.C.D. Atlántida de Matamá	I-II-III
27	G-36628543	A.C.D.Xestas	I-II-III
28	V-36658680	C.C.R.de Cabral	I-II-III



Concello de Vigo

TÁBOA 5 : ENTIDADES BENEFICIARIAS			
	CIF	ASOCIACIÓN	PROGRAMAS
29	G-36617082	C.C.R. De Valladares	I-II-III
30	G-36627495	C.R.A.C.Coruxo	I
31	G-36863348	U.V.C.D Candeán	I-II
32	G36654184	A.V.S.C.D O Freixo	I-II-III
33	G36648293	A.V. Do Calvario	I-II-III
34	G36644904	A.VV Rosalía de Castro da Salgueira	II
35	G36648186	A.V. Camiño Vello de Coia	I-II
36	G36684991	AVV. As Fontes	I-II
37	G36791291	Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo	I-II
38	G27749217	A.VV. O Torreiro de Coia	I-II
39	G36648103	A.V.C.D. Sampaio	I-II

CONFORMIDADE COAS OBRAS EN LOCAIS MUNICIPAIS

Tralo estudo das solicitudes achegadas para o Programa III, correspondentes a “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles”, comprobouse que os locais onde desenvolven as súas actividades 14 das entidades solicitantes e onde se pretende executar as obras, son de titularidade municipal (**Anexo I, trámite 214 do expediente 8011-320**).

No momento de xustificación das subvencións recibidas, as entidades beneficiarias deberán indicar o número de expediente ou copia da licenza outorgada pola Xerencia Municipal de Urbanismo, e no caso das comunicacións previas, o servizo de Participación Cidadá, solicitará un informe de conformidade emitido por dita Xerencia.

Con data 26 de setembro de 2018, unha vez transcorrido o período de alegacións, a Comisión reuniuse coa finalidade de valorar as 2 alegacións recibidas (documentos 180148192 e 180148868), as cales unha vez examinadas determinouse ratificar a desestimación das súa solicitudes tal e como se establecía na resolución provisional e se reflicte na acta de dita Comisión anexada no expediente 8011-320 no trámite 243:

*1.- **Asociación Vecinal Movimiento Ciudadano** (G-36784296): A súa solicitude foi desestimada, provisionalmente, por non cumprir o requisito de estar inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións no epígrafe 10.1 ou 10.5. Con data 12/09/2018 a entidade presentou un escrito alegando a súa inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións, polo que unha vez examinada a súa reclamación, a Comisión de Valoración **ratifica a desestimación** da súa solicitude xa que dita entidade, efectivamente, consta inscrita co número de rexistro 367-95 pero no epígrafe 10.4: Veciñais, consumo e usuarios sociocomunitarios. Animación sociocultural e dinamización comunitaria.*

*2.- **Sociedade cultural Recreativa e Deportiva Helios de Bembrive** (G-36633428): A súa solicitude foi desestimada, provisionalmente, por ter presentado a solicitude de subvención fóra do prazo establecido (de 8 de xuño a 28 de xuño de 2018). Con data*

13/09/2018 a entidade presentou un escrito de desconformidade coa resolución provisional alegando que a súa solicitude de subvención foi presentada vía correo electrónico con data 22 de xuño de 2018. A Comisión de Valoración ratifica a desestimación da súa solicitude xa que, conforme a base oitava "Prazo e forma de presentación da solicitude", establece que as solicitudes de subvención deben presentarse a través da sede electrónica do Concello de Vigo polo que non é admisible a súa presentación vía correo electrónico.

Así mesmo, como anexos ao presente informe, incorpóranse ao expediente:

- **Acta da Comisión de Valoración das alegacións presentadas á proposta de resolución provisional das "subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá", de data 26 de setembro de 2018**
- Baremos de puntuación das entidades solicitantes coa corrección da puntuación total do "Programa II. Equipamento" da Asociación Veciñal Doutor Fleming, xa que tras unha revisión de oficio detectouse que no apartado de "Utilización da ferramenta en liña "Asociacións en Rede" a puntuación correcta é de 4 puntos polo que a puntuación final é de 44 puntos, sen embargo, esta modificación non afecta ao importe subvencionado, xa que a entidade xa ten outorgado o 100% da contía solicitada.

Á vista do exposto, una vez avaliadas as solicitudes e as alegacións achegadas, **o xefe do servizo de Participación Cidadá, de conformidade coa Base 11.6ª da norma reguladora da subvención e co informe de Intervención (17/10/2018)** onde insta ao servizo xestor a propoñer un novo prazo máximo de xustificación das subvencións outorgadas, **propón ao Concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, a adopción da seguinte:**

RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DE FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2018:

PRIMEIRO: CONCEDER, ás trinta e nove (39) entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 9240 4890000, denominada "*Subvencións a entidades cidadás*", cunha dotación de 148.000 €, e/ou á partida presupostaria 9240 7800010, chamada "*Transferencias de Capital Asociacións*", dotada con 150.000,00 €, subvención en concepto de "Gastos de mantemento" (Programa I), "Gastos en investimento: equipamento" (Programa II) e/ou "Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles" (Programa III), correspondentes á "*Convocatoria das subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2018*", polo contía total que se reflicte a seguir:

	CIF	Entidade	Proxecto	Expte.	Total Puntos	Orzamento	Proposta final	Subvención Final
1	G-27762434	Centro Cultural Veciñal e Deportivo Vigo Centro	Gastos de mantemento: auga, luz, tlf-internet, alarma, asesoría, arrendamento, seguros, consumibles, gasto persoal	8145-320	69	14.026,10 €	4.228,69 €	6.282,98 €



Concello de Vigo

	CIF	Entidade	Proxecto	Expte.	Total Puntos	Orzamento	Proposta final	Subvención Final
			Megafonía e amplificadores		58	6.675,00 €	2.054,29 €	
2	G-36648640	A.V.C.S. San Miguel de Oia	Gastos de mantemento: auga, calefacción-climatización, luz, tlf-internet, alarma, extintor, limpeza, desratización, seguros, impostos, material oficina, avarias	8152-320	75	15.446,00 €	4.596,41 €	4.596,41 €
3	G-36709004	A.V. Doutor Fleming	Gastos de mantemento: tlf-internet, auga, luz, limpeza, asesoría, extintor, seguros, impostos, comunidade, correos, imprenta-copias, material oficina, avarias, reparacións eléctricas, gastos persoal	8151-320	68	7.698,41 €	4.167,41 €	4.836,24 €
			Disco duro, impresora, proxector e altofalantes		44	668,83 €	668,83 €	
4	G-36649325	Asociación Veciñal "O Carballo" de Sárdoma	Gastos de mantemento: auga, luz, tlf-internet, prensa, asesoría, extintor, seguros, impostos, material oficina, consumibles, carpintería-aluminio	8154-320	67	5.214,82 €	4.106,12 €	13.087,41 €
			Pórtatiles, impresora, cámara fotos reflex, teléfonos		68	4.734,58 €	2.408,48 €	
			Adaptación rede eléctrica e iluminación		71	14.691,84 €	6.572,81 €	
5	G-36651073	A.V.C.D. De Cabral	Gastos de mantemento: auga, luz, tlf-internet, asesoría, limpeza, impostos, seguros, correos, imprenta-copias, material oficina, gastos persoal	8149-320	81	18.233,00 €	4.964,12 €	7.408,02 €
			Cadeiras e mesas		69	4.812,78 €	2.443,90 €	
6	G-36691855	A.V.C.R. San Mamede de Zamáns	Gastos de mantemento: luz, calefacción-climatización, tlf-internet, extintor, seguros, impostos, material oficina, correos, avarías	8134-320	74	7.934,42 €	4.535,12 €	9.941,50 €
			Percheiros plegables, estores.		61	1.606,38 €	1.606,38 €	
			Formación de placa exterior ao local social		69	4.773,38 €	3.800,00 €	
7	G-36842284	A.V. Da Miñoica	Gastos de mantemento: Tlf-internet, asesoría, seguros, consumibles, correos, imprenta-copias, material oficina, avarías, ferretería, gtos informáticos	8114-320	79	5.665,32 €	4.841,55 €	7.639,64 €

CIF	Entidade	Proxecto	Expte.	Total Puntos	Orzamento	Proposta final	Subvención Final
		Pcs, impresora, disco duro, periféricos, móvil, tlf. Fijo, mesas, armario, caixa forte, equipo megafonía, máquina coser, pantágrafos		79	5.434,38 €	2.798,09 €	
8	G-36659829	A.V. De Coruxo	8141-320	67	5.056,70 €	4.106,12 €	5.850,12 €
		Reparación e limpeza canelón e substitución de caño		50	2.180,00 €	1.744,00 €	
9	G-36648103	A.V.C.D. Sampaio	8135-320	74	8.870,00 €	4.535,12 €	5.235,12 €
		Cadeiras		48	700,00 €	700,00 €	
10	G-36645885	A.V Casco Vello	8133-320	84	9.088,00 €	5.000,00 €	7.727,25 €
		Carpas plegables		77	4.200,00 €	2.727,25 €	
11	G-36640860	A.V. C.U. do "Val Fragoso"	8099-320	57	5.174,42 €	3.493,27 €	4.936,44 €
		Moble vitrina		45	358,16 €	358,16 €	
		Colocación tarima e material de iluminación		37	1.356,27 €	1.085,01 €	
12	G-36632081	A.V.C.V-C.S.C.R de Beade	8140-320	93	43.082,49 €	5.000,00 €	15.468,12 €



Concello de Vigo

	CIF	Entidade	Proxecto	Expte.	Total Puntos	Orzamento	Proposta final	Subvención Final
			Placas base, procesadores, memoria RAM, tarxetas gráficas, estantería, mesas, foco proyector led, deshumidificadores, espellos, telas cortinas, freidora		76	5.232,72 €	2.691,83 €	
			Substitución de carpintería, e pintado parcial fachada		84	10.350,00 €	7.776,29 €	
13	G-36648988	A.V.C.D. "San Xurxo" Saians	Gastos de mantemento: auga, luz, tlf-internet, gas, alarma, asesoría, extintor, impostos, seguros, leasing, consumibles, correos, imprenta-copias, material oficina, carpintería aluminio.	8126-320	72	8.205,00 €	4.412,55 €	11.758,73 €
			Deshumidificador, menaxe cociña, colchonetas ioga		56	1.385,00 €	1.385,00 €	
			Climatización e 1ª Fase de insonorización do salón de actos		71	7.451,48 €	5.961,18 €	
14	G-36654036	A.V. De Matamá "A Unión"	Gastos de mantemento:luz, tlf-internet, limpeza, asesoría, extintor, seguros, correos, imprenta-copias, material oficina, consumibles, ferretería, avarías	8107-320	77	5.303,16 €	4.718,98 €	8.192,61 €
			Impresora, lector DNI, fronte armario, armario portas corredoiras, mesa traballo e escuadras abatibles, mastro bandeiras, teléfono fixo, microondas		76	4.363,35 €	2.691,83 €	
			Impermeabilización terraza		64	977,25 €	781,80 €	
15	G-36659894	A.V. De San Roque	Gastos de mantemento: auga, luz, tlf-internet, extintor, limpeza, seguros, consumibles, correos, imprenta-copias, material oficina, cartelería, carpintería aluminio	8117-320	65	7.044,83 €	3.983,55 €	5.931,59 €
			Torre ordenador, 2 portátiles, caixoneira, esterillas, rulos pilates, cociña, menaxe cociña, felpudo, escaleira aluminio, bricolaxe (maza, martelo arcade, hachas)		55	2.184,73 €	1.948,04 €	
16	G-36633618	A.V.C.D. Lavadores	Gastos de mantemento: auga, luz, tlf-internet, asesoría, impostos, seguros, imprenta-copias, material oficina, avarías, ferretería, gastos persoal	8128-320	88	12.907,38 €	5.000,00 €	15.865,79 €

CIF	Entidade	Proxecto	Expte.	Total Puntos	Orzamento	Proposta final	Subvención Final
		Bancos, mesas, estantería metálica, 150 cadeiras, proxector e pantalla, 4 taboleiros canastras, 4 alfombras goma, 50 colgadores perchas, 2 piletas		82	10.222,00 €	2.904,35 €	
		Reformas e conservación das instalacións (reparacións, limpeza e pintado, substitución de baixantes e rodapés, cambio de tellas rotas e canelóns)		86	15.131,62 €	7.961,44 €	
17	G-36640985	A.V. "As Nosas Rúas"	8105-320	62	7.246,74 €	3.799,70 €	3.799,70 €
		Gastos de mantemento: Auga; luz, tlf-internet, asesoría, extintor, limpeza, seguros, comunidade, correos e material de oficina					
18	G-36649374	A.V. "Nosa Terra" Alcabre	8148-320	64	7.557,31 €	3.922,27 €	6.689,78 €
		Gastos de mantemento: auga; luz; tlf-internet, alarma, asesoría, seguros, impostos, material oficina, consumibles, ferretería, reparacións electricidade					
		Ordenador-rexistradora, estantería, aplique solar, limpiadora Karcher, radiadores, módulos madeira, espellos		63	6.276,64 €	2.231,39 €	
		Pintado de fachada		48	670,16 €	536,12 €	
19	G-36648608	A.V. Emilio Crespo de Navia	8138-320	75	10.463,10 €	4.596,41 €	13.948,00 €
		Gastos de mantemento : auga, luz, tlf-internet, asesoría, extintor, páxina web, xornais, impostos, seguros, correos, imprenta-copias, material de oficina, ferretería, gastos de persoal					
		Moble biblioteca, tapas taburetes, corcheira, mobles cociña, proxector e megafonía, cortinas e estores		68	5.988,79 €	2.408,48 €	
		Obras de conservación(reparacións, electricidade, pintado, limpeza e ventás)		75	11.736,15 €	6.943,11 €	
20	G-36622793	A.V. Cristina Victoria de Coia	8132-320	66	12.100,00 €	4.044,84 €	5.851,20 €
		Gastos de mantemento: auga, calefacción-climatización, luz, tlf-internet, asesoría, alarma, impostos, consumibles, material oficina, imprenta-copias, gastos persoal					
		Equipos informáticos, mesas, cadeiras, canón proxector		51	2.600,00 €	1.806,36 €	



Concello de Vigo

	CIF	Entidade	Proxecto	Expte.	Total Puntos	Orzamento	Proposta final	Subvención Final
21	G-36648996	Asociación Cultural Recreativa Deportiva "Pardavila"	Gastos de mantemento: auga, luz, tlf-internet, alarma, asesoría, extintor, prensa, impostos, seguros, correos, material oficina, avarias, ferretería	8098-320	65	5.936,66 €	3.983,55 €	10.947,94 €
			Cadeiras, armario		54	299,75 €	299,00 €	
			Reformas interiores: albanelería, fontanería, pintura. Instalación de pasamans e porta de aluminio		72	9.529,23 €	6.665,39 €	
22	G-36729796	AVV. Feira Cabral	Gastos de mantemento: auga, luz, tlf-internet, calefacción-climatización, limpeza, seguros, material oficina, imprenta-copias, ferretería	8143-320	59	4.999,39 €	3.615,84 €	11.801,81 €
			Ordenador, moble e estantería, micrófono e atril		56	3.025,05 €	1.983,46 €	
			Pintado das instalacións. Reparación de cuberta e humidades		67	9.632,59 €	6.202,51 €	
23	G-36620854	S.C.D. Atlántida de Matamá	Gastos de mantemento: auga, luz, tlf-internet, alarma, asesoría, extintor, limpeza, seguros, impostos, imprenta-copias, correos, material oficina, consumibles, renting fotocopiadora, avarías	8156-320	75	18.709,34 €	4.596,41 €	9.731,26 €
			Portátiles, webcam, impresora, estantería, cadeiras, secadora		51	1.997,72 €	1.806,36 €	
			Instalación de equipo de aeroterminia e reixa		61	4.160,62 €	3.328,49 €	
24	G-36628543	A.C.D. Xestas	Gastos de mantemento: luz, calefacción-climatización, tlf-internet, alarma, impostos, seguros, consumibles, avarías, reparacións electricidade, ferretería	8106-320	53	7.658,55 €	3.248,13 €	7.949,18 €
			Impresoras, monitores, PC clónico, software, grabador, TV		36	2.308,14 €	1.275,08 €	
			Reparación e pintado teito e paredes, reparación portais		46	4.282,47 €	3.425,97 €	
25	V-36658680	C.C.R.de Cabral	Gastos de mantemento: auga, luz, tlf-internet, gasoil, asesoría, extintor, sistema detención incendios, seguros, impostos, correos, imprenta-copias, material oficina	8124-320	70	12.476,98 €	4.289,98 €	10.948,39 €

CIF	Entidade	Proxecto	Expte.	Total Puntos	Orzamento	Proposta final	Subvención Final
		Equipamento informático, estores		59	4.883,08 €	2.089,71 €	
		Reparación baños. Chan sal mulleres. Pintado hall e paredes escaleira Reparacións e pintado instalacións		63	6.854,97 €	4.568,70 €	
26	G-36617082	C.C.R. De Valladares	8157-320	72	5.495,87 €	4.412,55 €	14.660,11 €
				75	6.324,69 €	2.656,42 €	
				82	18.767,60 €	7.591,14 €	
		Gastos de mantemento: luz, tlf-internet, extintor, Equipos informáticos, focos LED, amplificador, material radio, neveira inox Reparación das planchas inferiores da terraza e pintado. Limpeza das baldas exteriores e vernizado. Revisión do sistema eléctrico, elaboración do plano de cableado, separación cableado focos led. Substitución parcial de piso de linoleo/sintasol.					
27	G-36627495	C.R.A.C. Coruxo	8118-320	77	12.636,21 €	4.718,98 €	4.718,98 €
28	G-36863348	UVCD Candeán	8139-320	83	15.088,00 €	5.000,00 €	7.479,32 €
				70	6.050,00 €	2.479,32 €	
29	G-36654184	AVSCD. O Freixo	8147-320	64	4.943,00 €	3.922,27 €	11.695,08 €
				54	1.200,00 €	1.200,00 €	
				71	9.878,90 €	6.572,81 €	
		Gastos de mantemento: luz, tlf-internet, calefacción-climatización, seguros, consumibles, material oficina Estores Restauración do Salón de Actos					



Concello de Vigo

	CIF	Entidade	Proxecto	Expte.	Total Puntos	Orzamento	Proposta final	Subvención Final
30	G-36648293	A.V. Do Calvario	Gastos de mantemento: luz, auga, tlf-internet, aquaservice, asesoría, extintor, limpeza, seguros, consumibles, correos, imprenta-copias, avaría, ferretería, outros gastos	8137-320	84	7.640,06 €	5.000,00 €	12.513,85 €
			Equipo son móbil, piano e funda		59	915,00 €	915,00 €	
			Subministro e colocación espellos. Reparación mampara, 3 portas corredoiras e tarimas. Pinturas interiores e reparación humidade		76	8.248,57 €	6.598,85 €	
31	G-36644904	A.VV Rosalía de Castro Salgueira	Gastos de mantemento: auga, calefacción-climatización, luz, tlf-internet, limpeza, seguros, imprenta-copias, avarías	8129-320	63	7.472,35 €	3.860,98 €	3.860,98 €
32	G-36648186	A.V. Camiño Vello de Coia	Gastos de mantemento: auga, tlf-internet, luz, calefacción-climatización, extintor, limpeza, taxas, seguros, impostos, consumibles, imprenta-copias, prensa, ferretería, avarías	8150-320	65	8.141,48 €	3.983,55 €	4.036,70 €
			Impresora		46	53,15 €	53,15 €	
33	G-36684991	AVV. As Fontes	Gastos de mantemento: tlf-internet, calefacción-climatización, alarma, asesoría, limpeza, seguros, impostos, imprenta-copias, consumibles, avarías, ferretería	8131-320	58	6.774,72 €	3.554,55 €	3.624,55 €
			Impresora		36	70,00 €	70,00 €	
34	G-36791291	Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo	Gastos de mantemento: luz, asesoría, seguros, impostos, avarías, gastos de persoal	8177-320	42	4.350,00 €	2.573,99 €	4.309,51 €
			Amplificador-Son		49	8.010,00 €	1.735,52 €	
35	G-27749217	A.VV. Torreiro de Coia	Gastos de mantemento: luz, auga, tlf-internet, asesoría, limpeza, gastos farmacia, arrendamento, impostos, seguros, imprenta, material oficina, gastos xerais de mantemento	8136-320	52	5.044,67 €	3.186,84 €	3.913,84 €
			PC, impresora multifunción, pantalla TV		42	727,00 €	727,00 €	

	CIF	Entidade	Proxecto	Expte.	Total Puntos	Orzamento	Proposta final	Subvención Final
36	V-36655017	A.V. Fonte do Galo	2 ordenadores, monitores, mobiliario, equipo musical	21 8097-320	58	3.472,00 €	2.054,29 €	3.672,60 €
			Instalación de persianas		56	2.022,89 €	1.618,31 €	
37	G-36972024	Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio	Material informático, calefactores, pilates soft ball, baldosas aillantes DF920	8108-320	34	698,00 €	698,00 €	698,00 €
38	G-36623593	A.V.C.D."Monte da Mina" de Castrelos	Reparación do solado da zona de acceso principal	8125-320	61	6.583,56 €	5.266,00 €	5.266,00 €
39	G-27771195	Asociación de veciños de Novo Vigo	Teléfono móbil, soporte CPU, micro inalámbrico, prolongación 40 metros, carpas plegables, parrillas	8142-320	48	1.124,92 €	1.124,92 €	1.124,92 €
TOTAL								297.999,67 €

SEGUNDO: DESESTIMAR, segundo o disposto nas bases 1ª.d) (beneficiarias das subvencións), 2ª (*Requisitos dos Solicitantes*) e 6ª (*Desestimación das Solicitudes*) da norma reguladora das subvencións, as solicitudes presentadas por 3 persoas ou entidades, que non reúnen os requisitos para obter a condición de beneficiaria, é dicir, entidades, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións, que operen no movemento veciñal e traballen no ámbito sociocomunitario, da participación cidadá e das relacións cidadáns e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que presta o Concello de Vigo, inscrición que, xunto ao cumprimento dos demais requisitos esixidos, habilitaba a concorrer nesta convocatoria pública :

TÁBOA 1 (Non inscritas no RMA. Epígrafes 10.1-10.5 como entidades de carácter veciñal ou por non operar no movemento veciñal)

CIF/NIF	ENTIDADE	Nº REXISTRO PROGRAMAS	E	MOTIVO
G-36776920	Asociación Movemento Veciñal Noso Barrio (1)	180100801 (P.II) 180100802		A entidade non figura inscrita nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do RMA (<i>Esta inscrita no epígrafe 10.4</i>)
76997136J	Diego Docabo Martínez (2)	180096392 (P.II)	(P.I)	Non ten a condición de entidade sen ánimo de lucro inscrita no RMA nos epígrafes 10.1 ou 10.5



Concello de Vigo

TÁBOA 1 (Non inscritas no RMA. Epígrafes 10.1-10.5 como entidades de carácter veciñal ou por non operar no movemento veciñal)

G-36698686	Asociación Folclórica e Cultural e Veciñal ANDARELA (3)	180097894 (P.I e P.II)	Non opera no movemento veciñal, traballo no ámbito sociocomunitario, da participación cidadá e das relacións cidadáns e cuxas actividades complementen as competencias municipais...
------------	---	------------------------	--

TERCEIRO: DESESTIMAR, a solicitude presentada fóra do prazo establecido (de 8 de xuño a 28 de xuño de 2018):

TÁBOA 2 (Presentación da solicitude fóra do prazo)

CIF	ENTIDADE	Nº E DATA REXISTRO E PROGRAMAS	MOTIVO
G36633428	S.C.D.R. Helios de Bembrive	180102483 (30/06/2018) P.I, II e III	Base 8: O prazo de presentación das solicitudes, será de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.[...] Todas as solicitudes, así como as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior deberán achegarse antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo” Base 20: ... A publicación que determinará o inicio do prazo de 15 días hábiles pra a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no BOP (7 de xuño)

CUARTO: DESESTIMAR, parcialmente, de conformidade coa Base 6ª.2, en relación coa Base 2ª.8 da convocatoria, a solicitude da Asociación de Vecinos de Novo Vigo, por existir no vixente orzamento municipal consignación orzamentaria nominativa ao seu favor, para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, coa mesma finalidade que en algún dos supostos contemplados nesta convocatoria (“Gastos de mantemento, equipamento e obras ou adquisición de inmobles”):

TÁBOA 3 (Entidades con convenio nominativo para gastos de mantemento)

CIF	ENTIDADES	PROGRAMA	REXISTRO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA E IMPORTE
G-27771195	Asociación de Vecinos de Novo Vigo	I	1800100815	9240 4890004 “Asociación Veciños Novo Vigo”.- 4.938,50

QUINTO: DESESTIMAR, as solicitudes de modificación ou rectificación de proxectos do Programa III, por tratarse de reformulacións ou modificacións “de facto” dos proxectos inicialmente presentados, realizadas fóra de prazo e non contempladas nas bases da convocatoria, que se relacionan deseguido:

TÁBOA 4 (Solicitudes de modificación/rectificación de proxectos do Programa III: obras)				
CIF	ENTIDADES	PROGRAM A	REXISTRO	DATA REXISTRO
G-36620854	S.C.D. Atlántida de Matamá	III	180113729	16/07/2018
G36648996	A.C.R.D Pardavila	III	180137846	16/08/2018

QUINTO: NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015 do PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 do PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

SEXTO: INFORMAR, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.

SÉTIMO: ORDEAR, aos efectos do disposto no art. 20 da LSG, e publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en aplicación dos principios recolleitos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, unha vez aprobadas as subvencións concedidas con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida o obxectivo e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

OITAVO: AMPLIAR o prazo de xustificación das subvencións outorgadas, regulado na cláusula décimo terceira das bases, ata o día **26 de outubro de 2018**. [...]

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

6(1182).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL” PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES MUSICAIS DA ENTIDADE PARA O 2018, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ACONDICIONAMENTO E INSONORIZACIÓN DA AULA DE MÚSICA DO SEU LOCAL SOCIAL. EXPTE. 8113/320.

Visto o informe xurídico do 09/10/18, e o informe de fiscalización do 18/10/18, dáse conta do informe-proposta do 09/10/18, asinado polo xefe do Servizo de Participación Cidadá, o concelleiro-delegado de Participación Cidadá, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 19/04/2018, D. Eduardo Garrido Nuñez, en calidade de presidente da entidade “Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral” (CIF: G36651073), achegou escrito solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para o fomento das súas actividades musicais para o 2018 mediante o financiamento dos gastos de acondicionamento e insonorización da aula de música do seu local social, situado en avenida Santa Mariña, nº 95, entre o 1 de xullo ao 5 de novembro de 2018, cuxa contía ascende a 54.076,11.-€.

Segundo a documentación presentada, será o presidente actual, Don Juan Ramón Casal Piñeiro, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, e polo tanto, o designado para a sinatura do convenio, tal e como se desprende do Acta número 12/18 do día 25 de abril de 2018, en virtude da cal se constitúe a nova xunta directiva da “Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

COMPETENCIA MUNICIPAL

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBRL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Se ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se

encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, **a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.***

RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión da subvención obxecto deste convenio, rexerase polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

A competencia para aprobar o convenio e, previamente ao gasto que representa, correspóndelle á Xunta de Goberno Local por proposta do concelleiro delegado de participación cidadá, distritos, comercio, parques e xardíns, tal e como establece o art. 127.1.g) da LRBRL, art. 31 LSG e apartado cuarto.18 da resolución da Alcaldía - Presidencia do 19/06/2015 (BOP nº 133, do 14/07/2015) de delegación de competencias en Concelleiros/as.

MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA Á BENEFICIARIA

Esta subvención concédese de forma directa, en aplicación do que prevén os artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, 19.4.c) da LSG e 67 do R.D. 887/2006 e, no mesmo sentido, na Base nº 38, Apdo. 4.2, das de execución dos orzamentos municipais, por concorrer razóns de interese público, social e cultural, pola singularidade da entidade beneficiaria e o carácter extraordinario da subvención proposta que motiva o presente procedemento.

En concreto, as razóns de interese público que xustifican o outorgamento directo da subvención á entidade sinalada radican en:

A entidade beneficiaria ten entre os seus obxectivos a expresión musical da banda de música "Unión Musical de Cabral" sendo esta asociación musical a de maior antigüidade das inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.



Concello de Vigo

A "Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral" xestiona e coordina as actividades realizadas pola aula de música e a banda de música "Unión Musical de Cabral" integradas na devandita Asociación, realizando diversas actividades formativo-musicais e de difusión e divulgación da cultura musical tanto da parroquia de Cabral, como de toda a cidade de Vigo.

A formación "Unión Musical de Cabral" nace no ano 1986 e xa desde o ano 1988 leva o nome de Vigo por todo o territorio español e polo estranxeiro, participando en certames de Bandas nos que se atopa entre os tres primeiros postos de modo continuado, contribuíndo á mellora da imaxe do Concello de Vigo, promovendo elementos de identidade do pobo vigués e reforzando, ademais, outras políticas levadas a cabo polo Concello, tanto en materia turística como educativa. Nestes últimos anos, destacan o primeiro premio da terceira sección no VI Certame Galego de Bandas de Música celebrado en 2012, primeiro premio no VIII Certame Galego de Bandas de Música celebrado no ano 2014, o segundo premio no X Certame Galego de Bandas de Música celebrado no ano 2016 e a súa participación no ciclo de concertos de verán "Vigo, un mar de Bandas" no ano 2018.

No ano 1990 iniciouse o proxecto da Escola de Música cos claros obxectivos de fomentar os coñecementos e apreciación da música de toda a cidadanía, orientar a un ensino profesional, proporcionando, se é o caso, a preparación adecuada, ofrecer ensino instrumental, fomentar o interese pola participación en agrupacións vocais ou instrumentais, organizar actuacións públicas e participar en actividades musicais de carácter afeccionado. Na actualidade a Escola conta con 90 alumnos de idades comprendidas entre os 5 e os 70 anos, asistidos por dez profesores cualificados para impartir as diversas materias, tales como frauta, clarinete, saxofón, trompa, percusión, entre outras.

Desde a súa creación, a banda e a escola de música incrementaron as súas actividades dentro do local social e tamén o número de participantes e alumnos, o que fai que as instalacións utilizadas na actualidade sexan insuficientes e deficientes pola súa distribución e reparto.

Por todo isto, considerando do máximo interese establecer un mecanismo de colaboración entre a "Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral" e este Concello, en aras do obxectivo común da defensa e promoción da cultura musical entre os nosos cidadáns, decídese subscribir o presente convenio.

Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a "Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral", figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 14/87, segundo resolución da Alcaldía de data 24 de marzo de 1987, proba da longa traxectoria de colaboración co Concello de Vigo.

OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto do convenio é o fomento das actividades musicais da entidade para o 2018, mediante o financiamento dos gastos de acondicionamento e insonorización da aula de música do seu local social, sito na avenida Santa Mariña, nº 95, obras que se consideran necesarias para a mellora de accións de carácter sociocomunitario e socioculturais que redundan en beneficio da cidadanía.

De conformidade co art. 2 dos seus Estatutos, a entidade “Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral”, entre os seus fins e obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, ten os seguintes:

- ✓ Asumir a defensa dos veciños do territorio en canto resulten afectados por calquera disposición ou actuación pública ou privada, que poida ser considerada como prexudicial para a zona, exercitando tantas accións ou xestións que se consideren necesarias diante dos organismos da Administración, entidades, corporacións e institucións, utilizando para isto as canles establecidas na legalidade vixente.
- ✓ Realizar estudos sobre as cuestións relacionadas co consumo e as potenciais da calidade de vidas dos cidadáns, para buscar as máis favorables solucións mediante a colaboración coas entidades públicas e privadas relacionadas con estes temas.
- ✓ Emprender, manter relacións e obter a axeitada representación en todos os organismos que incidan no campo de actuación da Asociación, colaborando con eles en beneficio dos intereses dos Cidadáns, Consumidores e Usuarios.
- ✓ Fomentar o asociacionismo dos Cidadáns, Consumidores e Usuarios e a súa participación nos temas e campos de interese xeral.
- ✓ Organizar actividades educativas, culturais e sociais diversas, tales como a lectura comentada de libros e revistas, concursos de lectura, contemplación de documentos, vistas fixas, filminas e ciclos de cine con aparatos de proxección propios e axeitados, a audición de discos de música selecta, as charlas de divulgación cultural seguidas de coloquio, as excursións e o turismo social, o fomento con grupos da propia asociación do teatro afeccionado, de música polifónica, clásica, entre outras.
- ✓ Fomentar e propagar o deporte en todas as súas modalidades.
- ✓ Organización de cursos, seminarios, conferencias e outros actos análogos.
- ✓ Dentro das normas e canles legalmente establecidas, promover así mesmo cantas iniciativas sexan conducentes á solución dos problemas colectivos que afecten á realización integral dos veciños como persoas.
- ✓ Defender, fomentar e mellorar os intereses xerais da veciñanza en calidade de Consumidores e Usuarios.
- ✓ Informar e educar a veciñanza en todas as cuestións que afecten á información e educación dos consumidores.
- ✓ Velar polo cumprimento por parte da Administración dos dereitos recoñecidos no noso Ordenamento Xurídico como entidade de interese xeral, e de Consumidores e Usuarios en particular nos seguintes:
 - a) Recibir información directa dos asuntos de interese común.
 - b) Alzar propostas de actuación no ámbito das administracións públicas.
 - c) Intervir en todos os ámbitos da administración en defensa dos intereses xerais da cidadanía.
 - d) Exercitar o dereito a iniciativa popular.
 - e) Recibir axudas económicas a cargo dos orzamentos das Administracións Públicas.
- ✓ Favorecer a participación real dos cidadáns, tanto no plano individual como colectivamente, a través desta Asociación veciñal.
- ✓ Fomentar a utilización racional dos recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio.
- ✓ Crear unha comisión de amigables mediadores co fin de actuar como conciliadores en calquera diferenza que poida ser litixiosa en relación a convivencia dos veciños,



Concello de Vigo

por motivos de conduta, propiedade, servidumes, etc., evitando dentro do posible chegar a un preito xudicial, tendo sempre en conta que as actuacións desta Asociación deberán ser solicitadas por algunha das partes implicadas.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a *“Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral”*, nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflicten as condicións, pactos, obrigas e compromisos asumidos polas partes.

CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

Entre os recursos para o financiamento de actividades a entidades sen ánimo de lucro, figura no vixente orzamento municipal, a aplicación orzamentaria nº 9240 7800010, denominada *“Transferencias de capital e convenios a Asociacións”*, da que 54.076,11.-€ irán destinados as obras de acondicionamento e insonorización da aula de música do local social da *“Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral”*.

DOCUMENTACIÓN

“Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral”, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 14-06-2018.
 - Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 14-06-2018.
 - Seguridade Social, de data 14-06-2018.
 - Concello de Vigo, de data 20-06-2018.
2. Declaración responsable do presidente da entidade, de data 14-06-2018, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, así como, de non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud expresa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II)
3. Declaración responsable de cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non estar incurso en incompatibilidades ou prohibicións (anexo III).
4. Declaración doutras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Autorización expresa para a consulta de certificacións de non ter débedas (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII).

8. Descrición da obra: presentación dos orzamentos solicitados e motivación do contratista seleccionado.

9. Cronograma das obras e lugar de realización .

10. Comunicación previa de Obras Maiores de Mellora da Aula de Música (CP-005), constituínte de título habilitante para o inicio da obra, presentada ante a Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

11. Memoria de actividades da entidade para o ano 2018, para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos de acondicionamento e insonorización da aula de música do seu local social. O orzamento de gastos que serve de base para o outorgamento da axuda económica é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS SUBVENCIONABLES (Xullo - Novembro 2018)	
Acondicionamento e insonorización da aula de música	54.076,11 €

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio despreza a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 31 de decembro de 2018, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/07/18 e o 05/11/18, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 e 34.3 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización das obras para o que se concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 37 da LXS, 33 da LSG e a Base 38ª.8 das BEP. O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **05 de Novembro de 2018**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.



Concello de Vigo

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria ao IBAN número ES73 2080 5018 1330 4000 5125 (ABANCA) segundo código internacional de conta bancaria de data 14-06-2018, emitido pola entidade bancaria.

NOTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO. - **AUTORIZAR** e **DISPOR** o gasto por importe de **54.076,11 € (Cincuenta e catro mil setenta e seis euros con once céntimos)**, con cargo a aplicación orzamentaria nº 9240.780.00.10, denominada “*Transferencias de Capital e Convenios a Asociacións*”, do vixente orzamento municipal (2018), a favor da “*Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral*” (CIF: G-36651073).

SEGUNDO. - **APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “*Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral*” (CIF: G-36651073), cuxo obxecto é o financiamento dos gastos de acondicionamento e insonorización da aula de música do seu local social, situado na avenida Santa Mariña, nº 95, para o desenvolvemento das actividades musicais da entidade para o ano 2018 e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de **54.076,11-€ (Cincuenta e catro mil setenta e seis euros con once céntimos)**.

TERCEIRO. - **PUBLICAR** a subvención concedida no “Portal de Transparencia e bo goberno” do Concello de Vigo e remitir a información precisa a BDNS, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

CUARTO.- **NOTIFICAR** o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A
"ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL" PARA O
FOMENTO DAS ACTIVIDADES MUSICAIS DA ENTIDADE PARA O 2018,
MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ACONDICIONAMENTO E
INSONORIZACIÓN DA AULA DE MÚSICA DO SEU LOCAL SOCIAL

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezaoto

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Juan Ramón Casal Piñeiro, con DNI 36.098.002-P en calidade de Presidente da "Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral" (CIF: G36651073), con domicilio fiscal en avenida Santa Mariña, nº 95 de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 8113/320.

E, D^a. M^a Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Que D. Juan Ramón Casal Piñeiro, en representación da "Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral", na súa calidade de presidente, solicita a través dun escrito con rexistro de entrada do día 19 de abril de 2018 con nº 180057598, a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio para o fomento das actividades musicais da entidade realizadas durante o ano 2018.

II.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.



Concello de Vigo

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, sanitarias, culturais, artísticas educativas, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e socioculturais que redundan en beneficio da cidadanía.

III.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento do asociacionismo e da participación cidadá, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a atender as necesidades sociais, comunitarias e culturais dos veciños, sendo a *"Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral"* unha destas entidades que perseguen estes obxectivos.

IV.- Que, de conformidade co art. 2 dos seus Estatutos, a entidade *"Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral"*, entre os seus fins e obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, ten os seguintes:

- ✓ Asumir a defensa dos veciños do territorio en canto resulten afectados por calquera disposición ou actuación pública ou privada, que poida ser considerada como prexudicial para a zona, exercitando tantas accións ou xestións que se consideren necesarias diante dos organismos da Administración, entidades, corporacións e institucións, utilizando para isto as canles establecidas na legalidade vixente.
- ✓ Realizar estudos sobre as cuestións relacionadas co consumo e as potenciais da calidade de vidas dos cidadáns, para buscar as máis favorables solucións mediante a colaboración coas entidades públicas e privadas relacionadas con estes temas.
- ✓ Emprender, manter relacións e obter a axeitada representación en todos os organismos que incidan no campo de actuación da Asociación, colaborando con eles en beneficio dos intereses dos Cidadáns, Consumidores e Usuarios.
- ✓ Fomentar o asociacionismo dos Cidadáns, Consumidores e Usuarios e a súa participación nos temas e campos de interese xeral.
- ✓ Organizar actividades educativas, culturais e sociais diversas, tales como a lectura comentada de libros e revistas, concursos de lectura, contemplación de documentos, vistas fixas, filminas e ciclos de cine con aparatos de proxección propios e axeitados, a audición de discos de música selecta, as charlas de divulgación cultural seguidas de coloquio, as excursións e o turismo social, o fomento con grupos da propia asociación do teatro afeccionado, de música polifónica, clásica, entre outras.
- ✓ Fomentar e propagar o deporte en todas as súas modalidades.
- ✓ Organización de cursos, seminarios, conferencias e outros actos análogos.

- ✓ Dentro das normas e canles legalmente establecidas, promover así mesmo cantas iniciativas sexan conducentes á solución dos problemas colectivos que afecten á realización integral dos veciños como persoas.
- ✓ Defender, fomentar e mellorar os intereses xerais da veciñanza en calidade de Consumidores e Usuarios.
- ✓ Informar e educar a veciñanza en todas as cuestións que afecten á información e educación dos consumidores.
- ✓ Velar polo cumprimento por parte da Administración dos dereitos recoñecidos no noso Ordenamento Xurídico como entidade de interese xeral, e de Consumidores e Usuarios en particular nos seguintes:
 - a) Recibir información directa dos asuntos de interese común.
 - b) Alzar propostas de actuación no ámbito das administracións públicas.
 - c) Intervir en todos os ámbitos da administración en defensa dos intereses xerais da cidadanía.
 - d) Exercitar o dereito a iniciativa popular.
 - e) Recibir axudas económicas a cargo dos orzamentos das Administracións Públicas.
- ✓ Favorecer a participación real dos cidadáns, tanto no plano individual como colectivamente, a través desta Asociación veciñal.
- ✓ Fomentar a utilización racional dos recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio.
- ✓ Crear unha comisión de amigables mediadores co fin de actuar como conciliadores en calquera diferenza que poida ser litixiosa en relación a convivencia dos veciños, por motivos de conduta, propiedade, servidumes, etc., evitando dentro do posible chegar a un preito xudicial, tendo sempre en conta que as actuacións desta Asociación deberán ser solicitadas por algunha das partes implicadas.

V.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 24/03/1987, a "*Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral*" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 14/87.

VI.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade "*Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral*" leve a cabo os proxectos e actividades musicais planificadas para o ano 2018, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de acondicionamento e insonorización da aula de música do seu local social sito en avenida Santa Mariña, nº 95, necesarios para o desenvolvemento das súas actividades.

VII.- Tendo en conta que os orzamentos do Concello de Vigo non prevén unha subvención de carácter nominativo a favor da "*Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral*" e que os motivos que acreditan o carácter singular desta subvención, así como as razóns de interese público e social, dificultan a concorrencia e convocatoria pública, esta subvención débese instrumentar mediante o presente convenio, tramitado polo procedemento de concesión directa, con carácter excepcional, expresamente prevista nos Arts. 22.2.c) da LXS, 19.4.c) da LSG e 67 do R.D. 887/2006 e, no mesmo sentido, na Base nº 38, Apdo. 4.2, das de execución dos orzamentos municipais.



Concello de Vigo

Entre os motivos que acreditan o carácter singular desta subvención, así como as razóns de interese público e social que dificultan a concorrência e convocatoria pública, débese indicar o seguinte:

A entidade beneficiaria ten entre os seus obxectivos a expresión musical da banda de música "Unión Musical de Cabral", non existindo na parroquia de Cabral, outro colectivo coa mesma finalidade.

A "Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral" xestiona e coordina as actividades realizadas pola aula de música e a banda de música "Unión Musical de Cabral" integradas na devandita Asociación, realizando diversas actividades formativo-musicais e de difusión e divulgación da cultura musical tanto da parroquia de Cabral, como de toda a cidade de Vigo.

A formación "Unión Musical de Cabral" nace no ano 1986 e xa desde o ano 1988 leva o nome de Vigo por todo o territorio español e polo estranxeiro, participando en certames de Bandas nos que se atopa entre os tres primeiros postos de modo continuado, contribuíndo á mellora da imaxe do Concello de Vigo, promovendo elementos de identidade do pobo vigués e reforzando, ademais, outras políticas levadas a cabo polo Concello, tanto en materia turística como educativa. Nestes últimos anos, destacan o primeiro premio da terceira sección no VI Certame Galego de Bandas de Música celebrado en 2012, primeiro premio no VIII Certame Galego de Bandas de Música celebrado no ano 2014, o segundo premio no X Certame Galego de Bandas de Música celebrado no ano 2016 e a súa participación no ciclo de concertos de verán "Vigo, un mar de Bandas" no ano 2018.

No ano 1990 iniciouse o proxecto da Escola de Música cos claros obxectivos de fomentar os coñecementos e apreciación da música de toda a cidadanía, orientar a un ensino profesional, proporcionando, se é o caso, a preparación adecuada, ofrecer ensino instrumental, fomentar o interese pola participación en agrupacións vocais ou instrumentais, organizar actuacións públicas e participar en actividades musicais de carácter afeccionado. Na actualidade a Escola conta con 90 alumnos de idades comprendidas entre os 5 e os 70 anos, asistidos por dez profesores cualificados para impartir as diversas materias, tales como frauta, clarinete, saxofón, trompa, percusión, entre outras.

Desde a súa creación, a banda e a escola de música incrementaron as súas actividades dentro do local social e tamén o número de participantes e alumnos, o que fai que as instalacións utilizadas na actualidade sexan insuficientes e deficientes pola súa distribución e reparto.

Por todo isto, considerando do máximo interese establecer un mecanismo de colaboración entre a "Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral" e este Concello, en aras do obxectivo común da defensa e promoción da cultura musical entre os nosos cidadáns, decídese subscribir o presente convenio.

Neste convenio establécense as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da asociación, concretamente de natureza musical, mediante o financiamento dos gastos de acondicionamento e insonorización da aula de música no seu local social,

situado en Avenida Santa Mariña, nº 95, entre o 1 de xullo ao 5 de novembro de 2018, cuxa contía, neste período, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS SUBVENCIONABLES (Xullo - Novembro 2018)	
Acondicionamento e insonorización da aula de música	54.076,11 €

VIII.- Que a entidade “*Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral*” non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

IX.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social, cultural, formativo, informativo... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “*Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral*”, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito sociocomunitario, cultural, formativo, informativo e artístico, co obxecto de contribuír ao fomento do asociacionismo e da participación cidadá, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade “*Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral*” comprométese a colaborar coa concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as obras de acondicionamento e insonorización da aula de música no seu local social que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles o financiamento das obras de acondicionamento e insonorización da aula de música no seu local social o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos e demais gastos derivados da execución das obras previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.



Concello de Vigo

6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar tanta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

9. Identificar un dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar) e unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dun aviso de notificación da posta á disposición das notificacións. Estes avisos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practicada.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poda acceder ó seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade "*Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral*" unha subvención por importe de **54.076,11 € (Cincuenta e catro mil setenta e seis euros con once céntimos)** con cargo a aplicación orzamentaria nº 9240 7800010, denominada "*Transferencias de Capital e Convenios a Asociacións*", do vixente orzamento municipal (2018), co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos de acondicionamento e insonorización da aula de música no seu local social, situado en avenida Santa Mariña, nº 95 de Vigo, entre o 1 de xullo e o 5 de novembro de 2018, para o desenvolvemento das actividades musicais da entidade para o ano 2018, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da "*Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral*".

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as obras subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución das obras subvencionadas as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma das obras subvencionadas.

Sexto.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas obras de acondicionamento e insonorización da aula de música do seu local social da entidade subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, desde a aprobación do convenio ata o 31/12/2018, en lugar preferente e perfectamente visible da sede social da entidade onde se desenvolvan as obras, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das obras no local da asociación para o 2018.

Oitavo.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre as cuestións que poidan xurdir ao longo da vixencia do presente convenio e solución de posibles controversias. Estará composta por dous representantes da Asociación e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área (ou persoa na que delegue).

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola “*Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Cabral*”, mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **5 de Novembro de 2018**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación beneficiaria está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.



Concello de Vigo

A teor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitud de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Actuacións realizadas.
4. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
5. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
6. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
7. Certificado final das obras realizadas asinado polo técnico competente.
8. Memoria xustificativa de cumprimento da Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións, así como, xustificación do cumprimento dos valores de illamento para o desenvolvemento de actividades recollidos no punto B) do Anexo do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do financiamento.

c) Unha memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, indicando o nome ou razón social da empresa, concepto facturado, o número de CIF/NIF, o número de factura, a data, a base impositiva, o IVE e/ou IRPF, no seu caso, e importe total. Computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE).

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executado na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais, **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais** que deben cubrir o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais, que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, número de documento, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Se se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos.
- en ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.



Concello de Vigo

- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copia do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e debidamente pagadas (mediante transferencia bancaria, cheque nominativo, certificación), Modelo 111, de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (xustificantes de pago dos recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social).
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención.
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF.
- no seu caso, xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento.
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. No seu caso, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a

pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria ao IBAN número ES73 2080 5018 1330 4000 5125 (ABANCA)

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2018.

Décimo terceiro.- A realización da obra subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.



Concello de Vigo

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria presta expresamente o seu consentimento para o tratamento dos seus datos e os do seu representante, que serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria e non será cedida a terceiros.

Os datos facilitados pola entidade beneficiaria serán conservados o tempo necesario para cumprir coas obrigacións legais, ou ben, a entidade solicite a supresión dos mesmos.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e no Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, supresión, limitación, portabilidade e a presentar unha reclamación ante a autoridade de control competente, ante o Concello de Vigo, a través da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2018

7(1183).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE SEGURO DE VIDA E ACCIDENTES PARA OS EMPREGADOS/AS PÚBLICOS E CARGOS ELECTOS LOCAIS AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 31477/220.

Visto o informe de fiscalización do 18/10/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación da póliza de seguro de vida e accidentes para os empregados/as públicos e cargos electos locais ao servizo do Concello de Vigo (31.477-220)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da póliza de seguro de vida e accidentes para os empregados/as públicos e cargos electos locais ao servizo do Concello de Vigo (31.477-220)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 20 de setembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación de non admisión neste procedemento dos seguintes licitadores e polos seguintes motivos:

1. *MAFRE VIDA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS: por non cumprir os requisitos de presentación das proposicións*
2. *AXA AURORA VIDA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS, por non ter presentado a documentación esixida na cláusula 14.2 do PCAP para o Sobre A*

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da póliza de seguro



Concello de Vigo

de vida e accidentes para os empregados/as públicos e cargos electos locais ao servizo do Concello de Vigo (31.477-220) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación
1	VIDA-CAIXA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS SOCIEDAD UNIPERSONAL	98,90
2	SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA	98,14
3	GENERALI ESPAÑA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	68,00

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VIDA-CAIXA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS SOCIEDAD UNIPERSONAL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, VIDA-CAIXA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS SOCIEDAD UNIPERSONAL, o día 21 de setembro de 2018, que presenta a documentación requirida o 5 de outubro, dentro do prazo concedido.

Na sesión do 8 de outubro de 2018, a Mesa de Contratación, tras a revisión da documentación presentada, acordou conceder un prazo de tres días a VIDA-CAIXA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS SOCIEDAD UNIPERSONAL da LCSP para que puidese adoptar as medidas autocorrectoras pertinentes e acreditar que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado. Dentro do prazo concedido o licitador presentou un certificado positivo expedido pola AEAT o 10 de outubro de 2018 no que se indica que o solicitante está ao corrente nas súas obrigas tributarias.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 18 de outubro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e,

simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar VIDA-CAIXA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS SOCIEDAD UNIPERSONAL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por VIDA-CAIXA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS SOCIEDAD UNIPERSONAL, de conformidade cos acordos da Mesa de Contratación de data 19 de setembro de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a VIDA-CAIXA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS SOCIEDAD UNIPERSONAL o procedemento aberto para a contratación da póliza de seguro de vida e accidentes para os empregados/as públicos e cargos electos locais ao servizo do Concello de Vigo (31.477-220) coas seguintes condicións:

- 1. Propón como prima anual do seguro 106.484,71 euros (exento de IVE).*
- 2. Comprométese a outorgar ao Concello de Vigo unha participación en beneficios de 95%*
- 3. Comprométese a aportar as seguintes melloras:*
 - o Subministro de cadeira de rodas en caso de Incapacidade Permanente Absoluta*
 - o Adaptación do domicilio ou vehículo do asegurado en caso de Invalidez Absoluta por calquera causa ata 3.000 euros*
 - o Reembolso de gastos por prótese en caso de Invalidez Permanente Absoluta ata 3.000 euros*
- 4. Comprométese a incrementar as garantías aseguradas nas seguintes contías:*
 - o Falecemento por calquera causa: 5.000 euros.*



Concello de Vigo

- *Falecemento por accidente: 5.000 euros.*
- *Falecemento por accidente de circulación: 5.000 euros.*
- *Invalidez permanente absoluta ou grande invalidez por calquera causa: 5.000 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1184).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “MELLORA DO ENTORNO DA PRAZA DE AMÉRICA”. EXPTE. 95/441.

Visto o informe xurídico do 17/10/18, e o informe de fiscalización do 18/10/18, dáse conta do informe-proposta do 17/10/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- O Pleno Municipal en sesión levada a cabo o día de 27 de xuño de 2018, aprobou inicialmente o expediente núm. 54/142, aprobación inicial do modificación orzamentaria nº 29/2018 - crédito extraordinario, para a aplicación de superávit, liquidación do orzamento do ano 2017. Na mesma se contempla a aplicación 1532.619.00.77 “Humanización Praza América”.

2.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 07.02.2018 resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción do proxecto de “Mellora do entorno de Praza América” a prol de Dna. IRIA URDAMPILLETA PÉREZ.

3.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 14.08.18, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 20 e 21 de agosto de 2018, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 24.08.2018 aprobou o proxecto de “MELLORA DO ENTORNO DA PRAZA AMÉRICA”, redactado pola Arquitecta Dna. Iria Urdampilleta Pérez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN NOVECIENTOS MIL EUROS (1.900.000,00 EUROS) de data 29 de xuño de 2018 e sinatura dixital de data 13/08/2018.

4.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm 3.844-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 24.08.18 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 24.08.18, que se corresponde co expediente administrativo 3.844-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado pola Arquitecta Dña. Iria Urdampilleta Pérez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN NOVECIENTOS MIL EUROS (1.900.000,00 EUROS) de data 29 de xuño de 2018 e sinatura dixital de data 13/08/2018.
- b) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, o Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe do Servizo de Vías e Obras e o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario, de data 29.08.18, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación de data 29.08.18.
- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos de data 31.08.2018
- e) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 16 de outubro de 2018.
- f) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 16.10.2018
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 16.10.2018

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística e adaptación ao contorno (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 14.08.2018), así como o cumprimento da normativa sectorial e a non necesidade de autorizacións sectoriais.



Concello de Vigo

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril). O crédito atópase recollido na modificación orzamentaria nº 29/2018 - crédito extraordinario, para a aplicación de superávit, liquidación do orzamento do ano 2017.

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“MELLORA DO ENTORNO DA PRAZA AMÉRICA”** redactado pola Arquitecta Dña. Iria Urdampilleta Pérez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN NOVECENTOS MIL EUROS (1.900.000,00 EUROS) de data 29 de xuño de 2018 e sinatura dixital de data 13/08/2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 16.10.2018

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “UN MILLÓN NOVECENTOS MIL EUROS” (1.900.000,00 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 329.752,07 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria orzamentaria 1532.619.00.77 “HUMANIZACIÓN PRAZA AMÉRICA”.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1185).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “ACONDICIONAMIENTO DE LOCAL EN NAVIA COMO SALA DE LECTURA-BIBLIOTECA”. EXPTE. 20167/240.

Visto o informe xurídico do 17/10/18, e o informe de fiscalización do 18/10/18, dáse conta do informe-proposta do 17/10/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, o concelleiro-delegado da Área de Patrimonio, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO

1º. -O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de 27 de decembro de 2017 recolle dentro do programa 9330 "Xestión do patrimonio" a aplicación orzamentaria 9330.622.00.02 (NOVA SA LECTURA E USOS MÚLTIPLES NAVIA)

2º. Para levar a cabo esta actuación, o Concelleiro-Delegado da Área de Patrimonio en data 27.01.2016 resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción do proxecto de acondicionamento de local municipal en Navia , a prol de D. JESÚS CORDEIRO RODRÍGUEZ .

3º.- Previo informe da Oficina de Supervisión de proxectos de data 29.11.2017 e informe xurídico con proposta de resolución de data 30.11.2017 a Xunta de Goberno Local en sesións de 05.12.2017 e posterior rectificación de erro material de 18.09.2018 acordou aprobar o proxecto de "ACONDICIONAMENTO DE LOCAL EN NAVIA COMO SALA DE LECTURA-BIBLIOTECA" , cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS TRINTA E NOVE MIL NOVECENTOS SESENTA E UN EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (439.961,59 €) de data outubro de 2016, redactado polo arquitecto D Jesús Cordeiro Rodríguez.

4º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm. 3557/443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola XGL en sesión do 05.12.2017 e rectificación de erro material de 18.09.2018 de cuxa execución se trata. No dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión do 05.12.2017 e 18.09.2018 correspondese co expediente administrativo 3557/443, que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactadas polo polo Arquitecto D. Jesús Cordeiro Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS TRINTA E NOVE MIL NOVECENTOS SESENTA E UN EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (439.961,59 €) , con data outubro de 2016.
- b) Informe de Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato de data 13.09.2018, asinado polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Xefe do Servizo Administrativo de Fomento e Xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial onde se indica as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Patrimonio de data 13.09.2018.
- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro da Edificación/ Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 14.09.2018.



Concello de Vigo

- e) Memoria xustificativa asinado polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Xefe do Servizo Administrativo de Fomento e Xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial para a elaboración do PCAP de data 17.10.2018.
- f) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 17.10.2018
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 17.10.2018

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os costes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística e adaptación ao contorno (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 09.03.2018), así como o cumprimento da normativa sectorial e a non necesariedade de autorizacións sectoriais.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril). Xustifícase a estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira nas repercusións económicas da instalacións.

Quinto.- É preceptiva previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "ACONDICIONAMENTO DE LOCAL EN NAVIA COMO SALA DE LECTURA-BIBLIOTECA" , cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS TRINTA E NOVE MIL NOVECIENTOS SESENTA E UN EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (439.961,59 €) de data outubro de 2016, redactado polo arquitecto D Jesús Cordeiro Rodríguez.

Segundo: Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 17.10.2018.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CATROCENTOS TRINTA E NOVE MIL NOVECIENTOS SESENTA E UN EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (439.961,59 €).

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, para o ano 2018 da *aplicación orzamentaria 9330.622.00.02 – NOVA SA LECTURA E USOS MÚLTIPLES*

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2018: 324.000,00€

2019: 115.961,59€

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1186).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE "IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ". EXPTE. 3900/443.

Visto o informe de fiscalización do 18/10/18, dáse conta do informe-proposta do 16/10/18, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo xurídico de Servizos Xerais e o Concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO



Concello de Vigo

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 21.02.18, resolveu autorizar o gasto para a redacción do proxecto de "Implantación da vía verde sobre o antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzáiz", a prol do Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Alberto Moreno Pike (36134731Y).

II.- O Pleno Municipal, en sesión de 27 de xuño de 2018, aprobou inicialmente o expediente núm. 54/142, de aprobación inicial da modificación orzamentaria nº 29/2018 -crédito extraordinario para a aplicación de superávit, liquidación do orzamento do ano 2017, sendo publicada a súa aprobación definitiva no BOP do día 30/07/2018. Na mesma se contempla a aplicación 1532.619.00.75 (PROXECTO INTEGRACIÓN URBANA VÍA VERDE, DENDE CHAPELA A URZÁIZ).

III.- En data 17.04.2018 asínouse contrato de aluguer entre o organismo público Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) e o Concello de Vigo, para a posta a disposición dos terreos comprendidos entre os PP.KK. 173/503 ao 177/100 a favor do Concello de Vigo, ao obxecto de executar unha Vía Verde entre Redondela-Vigo, polo antigo trazado ferroviario que unía estes dous núcleos urbanos, ao seu paso polo término municipal de Vigo. O prazo do contrato de arrendamento é de 20 anos, cun período de carencia de 2 anos, polo que a data de inicio de facturación será ó 1 de setembro de 2020. A renda pactada ascende a 3.200 eur/anuais (IVE excluído), Expte. 20057-240.

IV.- Asemade, mediante convenio asinado en data 01.09.2018, o organismo público Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) otorgou concesión administrativa gratuíta a favor do Concello de Vigo por un período de 75 anos, para a ocupación, con destino de viario peonil e ciclista, dos terreos que conectaban a Vía Verde Redondela-Vigo co entorno da nova estación de Vigo-Urzaiz, entre os PP.KK. 0+332 ao 0+732 do Eixo Atlántico "Vigo-Santiago", no término municipal de Vigo, Expte. 20129-240.

V.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Alberto Moreno Pike presentou proxecto de "IMPLANTACIÓN DA VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ", cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CATROCENTOS MIL EUROS (1.400.000,00 EUROS) asinado en xullo de 2018 e entregado en data outubro de 2018.

VI.- O Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras e Infraestruturas, en data 25.09.2018, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en data 26.09.2018, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

VII.- A actuación desenvólvense entre as zona de Urzáiz e a de Teis, e pode resumirse no que segue:

- O proxecto contempla o acondicionamento da plataforma ferroviaria (explanación, plataforma e firmes, drenaxes, proteccións, sinalización, accesos, etc.) e o acondicionamento das áreas adxacentes para a súa conversión en áreas de descanso e miradoiros (con instalación de mobiliario, cartelería, delimitación de zonas de aparcadoiro, proteccións, etc.).
- Co fin de dar continuidade á Vía Verde, desde o nó de Isaac Peral, ata a rúa Vía Norte, e dende alí, ao centro urbano, proxéctase unha pasarela de cincuenta e un metros de lonxitude, realizada con cerchas de perfís metálicos, cun apoio central. Así

mesmo, adecuarase o acceso desde o paso elevado na Avenida de Buenos Aires cunha rampla, realizada con perfís metálicos, cunha lonxitude aproximada de cento cincuenta metros.

- Para adecuar o firme ao tráfico estimado, retirarase unha capa de balasto, para posteriormente implantar un carril bici e unha senda peonil. Finalmente, a vía terá un ancho de 5,00 m., tres metros destinados ao carril bici e dous metros para a senda peonil.
- A vía terá: áreas de descanso, miradoiros e apeadeiros, que contarán con paneis informativos, mobiliario e zonas de aparcadoiro. Ao obxecto de manter a orixe ferroviaria desta infraestrutura, respectarase a sinalización ferroviaria, así como tramos dos raíles e demais elementos ferroviarios.
- As obras de drenaxe, tanto lonxitudinal como transversal se realizarán nalgúns tramos, noutros tramos con drenaxe existente se procederá a súa limpeza ou ben a súa reconstrución.
- Para mellorar a seguridade dos usuarios instalarase iluminación ao longo da traza. A iluminación farase mediante luminarias estancas de tecnoloxía LED, instaladas sobre a catenaria e columnas con luminarias nos anexos, tamén de tecnoloxía LED.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de SEIS meses.

VIII.- A Enxeñeira Técnica Industrial e o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal, emiten en data 15.10.2018 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando que a documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuacións preparatorias, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa



Concello de Vigo

técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto de “**IMPLANTACIÓN DA VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ**”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Alberto Moreno Pike, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CATROCENTOS MIL EUROS (1.400.000,00 EUROS) asinado en xullo de 2018 e entregado en data outubro de 2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1187).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO CONSTRUTIVO DE BEIRARRÚAS DE MANTELAS. EXPTE. 3948/443.

Visto o informe de fiscalización do 18/10/18, dáse conta do informe-proposta do 15/10/18, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e Orzamentario da Área de Fomento, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 07.02.18, resolveu autorizar o gasto para para a redacción de varios proxectos e memorias valoradas na área de Fomento, entre as cales figuran as memorias valoradas de beirarrúas en Avda. Fermina, Rúa Sampaio de Navia e Rúa Mantelas, a prol da empresa Ingenia Proyectos Tecnicos SL (B36983906).

II.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2017 recolle dentro do programa 1532 “Pavimentación vías públicas” a aplicación orzamentaria 1532.619.00.06 (Mellora de infraestruturas en parroquias).

III.- A empresa INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, presenta "PROXECTO CONSTRUTIVO DE BEIRARRÚAS NA RÚA MANTELAS", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación IVE incluído de CINCOCENTOS VINTE E DOUS MIL OITOCENTOS OITENTA E SEIS EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (522.886,53 €) de data outubro de 2018, e con sinatura dixital de 09/10/2018.

IV.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, con data 08.10.2018, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en data 10.10.2018, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

V.- A actuación desenrolase na rúa Mantelas, e consisten as obras a executar as que se enumeran a seguir:

"No primeiro tramo da actuación, ata o cruce coa rúa Rioboo, proxectase unha sección distribuída nun carril de 3,5 metros de ancho para o tráfico rodado, bandas de aparcadoiro de 2 m de ancho, onde a sección da rúa o permite, e beirarrúas de ancho variable a ámbolos lados, excepto fronte aos nº 31 e 33 onde non existe ancho suficiente para dispoñer beirarrúa en ámbolos marxes e se proxecta só no marxe dereito.

No seguinte tramo de actuación, entre a rúa Rioboo e o nº 64 da Rúa Mantelas, proxectase unha sección composta por dous carrís de 3 m de ancho, un para cada sentido de circulación e unha beirarrúa de ancho 1,50 m no marxe esquerdo que é o lado onde se dispoñen as vivendas existentes.

O tramo final da actuación, que comprende o situado entre os números 67 e 71 da rúa, se diseña unha sección transversal composta por un carril para circulación do tráfico rodado de 3,50 m de ancho, unha banda de aparcadoiro no marxe dereito de 2,10 m de ancho e beirarrúas a ámbolos lados de máis de 2 m de ancho.

Así mesmo, se disporán cinco pasos peonais, dous de eles con resalte, para reducir a velocidade dos vehículos e aumentar a seguridade dos peóns.

Se demolerá o pavimento existente e se escavara a caixa en espesor correspondente á sección en cada caso e compactarase o fondo de escavación.

A calzada estará composta por unha capa de aglomerado de 5 cm de espesor de AC16 SURF D BC 50/70, sobre unha capa de formigón HM-20 de 20 cm de espesor e sobre unha capa de zorra ZA 0/32 de 15 cm de espesor. Previamente á extensión do aglomerado, disporase un rego de imprimación.

O aparcadoiro e os bados de vehículos estará composto por unha capa de formigón pulido.

As beirarrúas estarán compostas por baldosa hidráulica de 40x40cm e 5 cm de espesor, asentada sobre capa de morteiro de 4 cm de espesor, que disponse sobre soleira de formigón HM-20 de 15 cm de espesor.

Os bados para peóns estarán compostos por baldosa hidráulica vermella de 30x30x5, asentada sobre capa de morteiro de 4 cm de espesor, que disponse sobre soleira de formigón HM-20 de 15 cm de espesor.

Se proxecta a renovación da tubaxe de abastecemento existente, substituirase por unha nova tubaxe de fundición dúctil e de diámetro 100 mm.

Se proxecta unha rede de saneamento separativa.

A rede de recollida de augas fecais estará composta por colectores de PVC liso de diámetros 315 e 400 mm.



Concello de Vigo

Renováranse as acometidas.

Se proxecta unha rede de pluviais baixo a nova beirarrúa. Os colectores proxectados será de PVC liso, de diámetros 315 e 400 mm.

Se proxecta unha nova rede de alumeado público.

Dotase dunha partida para instalación da canalización para a rede eléctrica composta por dous tubos de polietileno de diámetro 160 mm.

Se proxecta unha canalización para a rede de telecomunicacións composta por tubos de PE corrugado de diámetro 125 mm.

Instalaranse as sinais verticais oportunas e pintarase os símbolos, cebreados ou frechas que aparecen reflexados nos planos.

Se recrecerán todas as arquetas á cota de beirarrúa.”

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (SEIS) 6 meses.

VI.- A Enxeñeira Municipal da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal, emite en data 10.10.2018 informe, indicando o seguinte:

“Xa que a contía do proxecto é inferior a 500.000 Euros, e non afecta a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra, este informe ten carácter facultativo. Art. 235 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014”.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o “PROXECTO CONSTRUTIVO DE BEIRARRÚAS NA RÚA MANTELAS”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación IVE incluído de CINCOCENTOS VINTE E DOUS MIL OITOCENTOS OITENTA E SEIS EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (522.886,53 €) de data outubro de 2018, e con sinatura dixital de 09/10/2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1188).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL MONTE DA MINA-CASTRELOS”. EXPTE. 3795/443.

Visto o informe de fiscalización do 18/10/18, dáse conta do informe-proposta do 17/10/18, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e Orzamentario da Área de Fomento, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e polo concelleiro-delegado de Fomento que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- En desenvolvemento do Protocolo de Colaboración asinado o 20 de novembro de 2015 entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local, na sesión do 29 de decembro de 2017, acordou a aprobación do proxecto de “CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA



Concello de Vigo

PARA A MELLORA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 4969/440". O mesmo foi asinado por ambas institucións con data 2 de xaneiro de 2018.

O obxecto do citado convenio é establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para a realización das obras de renovación, actualización e mellora de diversas instalacións deportivas no termo municipal de Vigo, entre as que figura a "Renovación das instalacións de céspede sintético en campos de fútbol municipais e a mellora dos sistemas de alumeado artificial e instalacións técnicas" cun orzamento previsto total de 2.900.000,00 euros.

II.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2017 recolle dentro do programa 3420 "Instalacións deportivas" a aplicación orzamentaria 3420.632.00.14 (1ª ANUALIDADE CONVENIO DEPUTACIÓN INVESTIMENTO CAMBIOS DE CÉSPEDE C. FÚTBOL).

III.- A Concellería de Deportes, a través de dilixencia asinada polo xefe do Servizo de Deportes-Director Deportivo en data 09.04.2018, remite unha serie de proxectos de obras redactados polos Arquitectos Municipais Juan Piñeiro e David Carvajal, entre os cales figura o "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE MONTE DA MINA", cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CINCUENTA E NOVE MIL CINCOCENTOS SESENTA E UN EUROS CON CINCO CÉNTIMOS (159.561,05 Euros).

IV.- Por Decreto de Alcaldía de data 25.04.2018, delegouse no Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, tódalas atribucións precisas para a dirección política, xestión, seguimento, tramitación e execución necesarias das actuacións e proxectos do convenio de colaboración suscrito entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a mellora de instalacións deportivas no termo municipal.

V.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 30.04.2018, en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento asinado en data 27.04.2018, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

VI.- A actuación desenrólase no campo de fútbol de Monte da Mina, na parroquia de Castrelos, e comprende as seguintes actuacións:

- Renovación de sistemas de alumeado, para a mellora de eficiencia enerxética.
- Instalación de caldeira de biomasa para a produción de auga quente, mediante unidades modulares que conteñen caldeira, silo, interacumulador, cos seus correspondentes sistemas hidráulicos e cadros de manobra.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 30 días.

VII.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 11.10.2018 informe sinalando o seguinte:

“As obras propostas dispoñen de resolución favorable da Consellería de Cultura de data 7/09/18, sendo

necesario que antes do inicio das obras a presentación ante a Consellería de Cultura un proxecto de sondaxes valorativo, e os resultados da intervención. A súa vez no Instrumento de Ordenación Provisional (IOP) aprobado inicialmente no pleno de 18/07/2018, na ubicación proposta non consta ningunha alteración da normativa existente do PXOU/93.

A vista de que as obras propostas segundo o presuposto adxunto, excluído o IVE é de 131.868,64 Euros, inferior a 500.000,00 Euros e segundo determina o art. 235 lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e que o proxecto presentado segundo a descrición do mesmo non afecta a estabilidade, seguridade e estanquidade da obra.

CONCLUSIÓN:

Polo tanto segundo determina o art. 235 da “lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014” non e preceptivo o informe de supervisión.

A súa vez tendo en conta as determinacións que fixa o art. 233.2 desta lei, os documentos a presentar poderán simplificarse. Neste caso presentan documentos de Memoria descritiva e construtiva, prego de prescricións técnicas, estudo básico de seguridade e saúde, planos e orzamento.

Polo que o proxecto presentado, define as obras a executar e as mesmas con este documento poden ser executadas”.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, segundo resulta dos propios documentos contidos no propio proxecto e do informe técnico que obra no expediente.



Concello de Vigo

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE MONTE DA MINA - CASTRELOS”, redactado polos Arquitectos Municipais Juan L. Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de CIENTO CINCUENTA E NOVE MIL CINCOCENTOS SESENTA E UN EUROS CON CINCO CÉNTIMOS (159.561,05 Euros) de marzo de 2018 e asinado dixitalmente en data 09/10/2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1189).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DO INICIO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO “PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE (VIGO VERTICAL) ENTRE A RÚA SAN SALVADOR E PRAZA ISABEL A CATÓLICA DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 4694/440.

Dáse conta do informe-proposta do 18/10/18, asinado polo xefe de Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xeraie e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.

Primero.- A Xunta de Goberno Local de data 25 de maio de 2017 acordou aprobar o Proxecto de “IMPLANTACIÓN DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE (VIGO VERTICAL) ENTRE A RÚA SAN SALVADOR E A PRAZA ISABEL A CATÓLICA”, cun orzamento base de licitación máis IVE de 714.260,30€, redactado polo Enxeñeiro Industrial Javier de la Puente Crespo, e, con data 14 de novembro de 2017, resolveu adxudicar a ORECO, S.A. a contratación da execución deste proxecto por un prezo total de 524.981,32 euros. O contrato formalizouse o 20 de novembro de 2017.

O citado proxecto contempla a instalación dun ascensor que conecte en condicións de accesibilidade as rúas San Salvador e a Praza Isabel a Católica.

Segundo.- Con data 28 de novembro de 2017 o Concelleiro Delegado da área de Fomento resolveu aprobar o nomeamento como titulares da Dirección facultativa da obra á Enxeñeira Municipal de Camiños, Canles e Portos, D^a. FÁTIMA MARTÍNEZ GIRÁLDEZ e a Enxeñeira Industrial, D^a. BEGOÑA ARRANZ GONZÁLEZ”

Terceiro.- A Acta de comprobación de replanteo positiva foi asinada en data 26 de decembro de 2017.

Cuarto.- Con data 28 de setembro de 2018 a Dirección facultativa da obra, solicita o inicio do expediente de modificación do proxecto, coa posibilidade de modificación da base económica inicial do proxecto, con fundamento nas consideración que se conteñen no informe que de seguido se transcribe no que agora interesa:

«II.- Xustificación Técnica para a solicitude de modificado.

Tralo replanteo da obra e o inicio das actuacións a executar, e realizadas as comprobacións in situ, así como a análise das propostas contempladas en proxecto, xorden as seguintes circunstancias:

1) SOLUCIÓN TÉCNICA DIFERENTE DA CONTIDA NO PROXECTO PARA DESVÍO DUN COLECTOR DE SANEAMENTO EXISTENTE.

O proxecto aprobado contempla a instalación dun ascensor que conecte en condicións de accesibilidade as rúas San Salvador e a Praza Isabel a Católica. Actualmente existe unha canalización de saneamento (ovoide de formigón de dimensións 90x60 cm) que coincide coa ubicación proposta do novo ascensor, polo que é necesario o seu desvío para executar o obxecto do proxecto.

Para o desvío do citado colector, e tendo en conta a cota na que se encontra, o proxecto contempla a escavación a ceo aberto, de máis de 7 metros de profundidade, utilizando os muros de contención existentes no entorno para o sostemento das terras, podendo así executar a escavación en condicións de seguridade.

Nun primeiro momento procedeuse a revisión dos muros existentes, detectando que non teñen a profundidade nin a xeometría estimada no proxecto, e que non poden ser utilizados como muros de sostemento de terras durante a escavación do desvío do colector.

Como consecuencia da nova situación, e que non se poden asegurar condicións de seguridade na escavación proposta, considérase necesario reestudar o proxecto aprobado, para executar o desvío do colector cun método construtivo diferente do proposto no proxecto aprobado, que garanta a seguridade na obra.

Estas consideracións demandan a necesidade de modificar algunhas das unidades de obra previstas no proxecto, polo que será necesario incorporar novas unidades que poderían incrementar a base económica inicial do mesmo.



Concello de Vigo

III.- Solicitud de autorización de modificado.

Polo exposto anteriormente, as variacións con respecto ao proxecto aprobado que motivan esta proposta, unha vez realizados os deseños previos específicos, cabe concluír que será necesario incorporar novas unidades que poderían modificar a base económica inicial do proxecto.

As citadas modificacións suscitadas, están recollidas nas circunstancias descritas no art. 106 do TRLCSP (artigo 106. da 9/2017 LCSP) e no PCAP que rexe a contratación das obras.

As citadas modificacións estimase non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e son de interese para unha adecuada solución do obxecto da obra contratada, sendo modificadas en xeral pola aparición de elementos que non puideron ser previstas no proxecto inicial. Así mesmo, considérase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non altera o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste proxecto de obra e polo tanto non incorpora unha presentación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

As modificacións que se plantexan non alteran as condicións de adxudicación e licitación recollidas no PCAP que rexen a contratación das obras.

Os prezos contraditorios que se proporán, consecuentes á solución técnica adoptada, referiranse á data de licitación calculados sobre a base do proxecto orixinal aprobado para a adxudicación da obra, en todo o que se refire aos prezos unitarios de man de obra, materiais e maquinaria, e a os custos indirectos dos prezos descompostos.

En tanto o órgano de contratación adopte o acordo que proceda, esta dirección facultativa entende necesario propoñer unha moratoria no prazo de execución da obra.»

Fundamentos técnicos e xurídicos

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (BOE núm. 272 de 9 de novembro de 2017) establece na súa Disposición transitoria primeira que nos contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da mesma, como é o caso, xa que foi adxudicado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 28 de novembro de 2017, o réxime da súa modificación rexerase pola normativa anterior.

II.- A necesidade da modificación do proxecto xustifícase pola Dirección facultativa da obra no seu informe de data 28.09.2018 arriba transcrito.

III.- As modificacións propostas atópanse, en principio e sen prexuízo do seu análise unha vez elaborado o proxecto modificado, tal e como se indica no informe da dirección facultativa, nos supostos recollidos no Prego de Cláusulas Administrativas do Contrato, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 10 de agosto de 2017, que prevé a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas distintas das recollidas no proxecto
- Necesidades de adaptación ao contorno, no referente a servizos urbanos, deseño, accesibilidade, esquema funcional ou seguridade vial, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade á data de aprobación do proxecto

As modificacións en ningún caso poderán superar o 20% do prezo do contrato, agás as modificacións das características de unidades de pavimentación que non poderán afectar ao prezo do contrato

IV.- A modificación atópase, por tanto, no suposto previsto no artigo 106 do TRLCS sobre modificacións de contratos prevista nos pregos reitores da licitación.

V.- O artigo 234 do TRLCSP regula a tramitación das modificacións no caso dos contratos de obras, establecendo no seu apartado 3 que «cando o Director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, recabará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se sustanciará con carácter de urxencia coas seguintes actuacións:

- a.- Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
- b.- Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de 3 días.
- c.- Aprobación do expediente polo órgano de contratación, así como dos gastos complementarios precisos».

VI.- Competencia.- Constando por tanto petición da Dirección facultativa ao órgano do contratación como indica o artigo 234.3 do TRLCS, procede elevar a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público. Por isto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

*“Autorizar o inicio do expediente de modificación do proxecto de obras de **“IMPLANTACIÓN DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE (VIGO VERTICAL) ENTRE A RÚA SAN SALVADOR E A PRAZA ISABEL A CATÓLICA”** redactado polo Enxeñeiro Industrial Javier de la Puente Crespo”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.



Concello de Vigo

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez